

## **vilalba**

O Concello investirá preto dun millón de euros en modernizar a casa consistorial. **Pax. 2**

## **as pontes**

Adxudicadas as obras de construción da nova pasarela sobre o río Eume. **Pax. 7**

## **friol**

A Feira do Queixo foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. **Pax. 10**

## **xermade**

Entrevista a Roberto García, alcalde, que fala do presente e futuro do Concello. **Pax. 20**

## **a pastoriza**

O Concello solicita as axudas para a construción do centro de día. **Pax. 23**

# Calendario primaveral

Os colectivos e concellos chairegos retoman co bo tempo e sen máscaras as súas festas máis tradicionais e esperadas



**friolio.** O 7 e 8 de maio Friol recupera modos de vida e costumes romanas e castrexas.

**romaxe artesá.** Muras ten previsto celebrar o 28 de maio a sexta edición.

**feira de artesanía.** A localidade vilalbesa retoma a cita, Vilalba feita a man, a fin de semana do 7 e 8.

## En marcha a segunda edición de Actívate

Volven as actividades de turismo deportivo da Deputación por toda a provincia. **Pax. 24**

## Presentan o novo Plan local de Saúde

Malia potenciar a enfermaría, algúns centros de saúde seguen pechados. **Pax. 26**

## Guitiriz terá San Xóan



O San Xóan contará este ano cunha Festa da Xuventude. **Pax. 15**

## Campus KingTela de Pol



Do 2 ao 9 de xullo, Mosteiro encherase de baloncesto. **Pax. 16**

## Escola Movemento Vilalba



Noelia Blanco, directora da escola fala da experiencia das competicións. **Pax. 28**

## As Letras de Florencio Delgado

O autor homenaxeado no Día das Letras Galegas é un reflexo da cultura galega no século XX. **Pax. 27**

Nº1  
MARCA DE LENTES RECOMENDADA POR LOS PROFESIONALES DE LA VISION A NIVEL MUNDIAL

Lentes Essilor® Stellest™  
Ralentizan la progresión de la miopía en un 67% de media

ESSILOR  
Stellest

\*Basado en el estudio de lentillas recomendadas por los profesionales de la visión a nivel mundial - Estudio cuantitativo sobre una muestra representativa de niños presbiteros de la visión miope en un estudio realizado por Essilor en febrero de 2019 - España, Reino Unido, Alemania, Italia, España, EE.UU., Canadá, Brasil, China, India

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

VILALBA  
Tel. 982 510 100  
NºRS. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES  
Tel. 981 45 15 04  
NºRS. E-15-000024 / E-15-001170





## Volve a Feira de Artesanía

A localidade celebrará a súa feira de artesanía Vilalba feita a man, a fin de semana dos días 7 e 8 de maio. Unha cita que se retoma tras o parón provocado pola pandemia.

O principal atractivo desta feira son as casetas de artesanía, que estarán abertas o sábado de 11:00 a 21:00 e o domingo de 10:00 a 15:00 na Praza da Constitución. Programáronse diferentes actividades relacionadas coa música e o baile. A programación dará comezo o sábado 7 de maio, coa apertura da feira ás 11:00 e co pasarrúas a cargo de A.C Andrade ás 11:30.

Esa mesma tarde, ás 17:00 orgánizase un obradoiro de baile tradicional, baixo o título Bailes, xogos e algo de muiñeira. A actividade, dirixida ás familias, está a cargo de Montse Rivera, da agrupación Leilía, que repetirá ás 18:00 un

obradoiro de baile tradicional de perfeccionamento. Ademais, durante todo o día realizarase un obradoiro de xoguetes sonoros con Xaneco.

O domingo, xornada na que a feira estará aberta de 11:00 a 15:00, realizarase un pasarrúas a cargo da A.d.C. Cerna de Árbol ás 12:00. A continuación, ás 13:00, Brúa ofrecerá un concerto.

Durante toda a feira, os artistas Clara Naseiro e José Gómez de Bernardo (Pepón) realizarán unha escultura en madeira e pedra que renderá homenaxe á música e o baile tradicional.

Xosé Piñeiro ofrecerá unha demostración da construción gaitas. Pola súa banda, as mulleres de Insua mostrarán aos asistentes o tecido en tear, na mostra Baixo Lizo. Por último, o IES Cha ofrecerá unha exposición de fotografías sobre a Tradición Musical en Vilalba.

## Vilalba contará cun matadoiro especializado en capón

O Concello de Vilalba contará cun novo e moderno matadoiro, que porá en marcha a empresa Avilugo e só sacrificará Capón de Vilalba con Indicación Xeográfica Protexida (IXP) e polo ecolóxico.

“É unha moi boa nova para Vilalba, desde o concello estivemos moi atentos ao proceso de selección da ubicación por parte de Avilugo e finalmente será aquí, na nosa vila”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas, logo de varios

encontros coa mencionada marca para levar a cabo a súa iniciativa empresarial con sede na localidade. As previsións da empresa son as de sacrificar uns 10.000 polos ecolóxicos á semana e uns 5.000 capóns de Vilalba ao ano, facilitando a desestacionalización da produción e das vendas por parte dos criadores, circunstancia compatible e complementaria ao capón de Nadal.

O novo matadoiro dará emprego directo a dez persoas.

## O Concello investirá en modernizar a casa consistorial

O Concello de Vilalba solicitou unha subvención ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos para as entidades locais (PIREP local), para levar a cabo as obras de rehabilitación integral da casa consistorial. Con esta axuda, que o goberno só destina a edificios públicos municipais, Vilalba quere que o concello sexa un edificio accesible e funcional para os veciños, eficiente desde un punto de vista enerxético e actualizado. O custo das obras ronda o millón de euros máis IVE.

“Eliximos a casa do concello porque é a que cumpre todos os requisitos e parámetros esixidos, están primando nestas axudas os edificios municipais que prestan servizo a cidadanía e demandan unha serie de condicionantes no exterior e no interior que outros inmobles de Vilalba non teñen”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas.

Trátase dun inmobile de máis de 3.000 m2 con máis de 40 anos de servizo que necesita unha renovación. Ante esta situación, o concello elaborou un proxecto que propón unha actuación integral que transforme o edificio cara a un consumo enerxético case nulo, habilitándoo ademais como un espazo moderno e con plena accesibilidade física, sensorial e cognitiva.

“Dispoñeremos unha fachada trasventilada en composite de aluminio e porcelánico extrusionado. Ademais, terá unha envolvente na cuberta con zinc e paneis solares fotovoltaicos no



faldón sur, acompañados de baterías para garantir a subministración en horas sen produción, a fin de cubrir o 100% da demanda de electricidade, a cal diminuír notablemente pola substitución das luminarias por sistemas LED de baixo consumo”, apunta Fernández.

Crearase un percorrido interior, a través das zonas comúns, guiado por un sistema Wayfinding de cores para mellorar a accesibilidade cognitiva, integrando asentos, almacenaxe e servizos, reforzando ademais a barreira acústica que protexe do ruído ás oficinas. Os baños de cada planta adaptaranse para a mobilidade reducida, dotarase de maior iluminación natural aos espazos baixocubierta e faranse reaxustes puntuais de distribución.

Máis aló da redución esixida de emisións, búscase minimizar ao máximo a demanda enerxética, seguindo o establecido no Plan Estratégico PACES. Á súa vez prepararase o inmobile para as próximas décadas, repensando a relación cos usuarios, creando un gran sistema de distribución/ser-

vizo, que integre sinalización desde o acceso ao momento de atención, espazos de espera, servizos, almacenaxe e recollida de residuos específicos.

**CENTRO DE DÍA.** A mesa de contratación para a compra dun terreo no que edificar o futuro centro de día de Vilalba, rematou botando atrás as cinco propostas presentadas por diferentes motivos.

Así, tres das propostas presentadas foron desestimadas dúas por non estar inscritos os terreos no rexistro mercantil e unha terceira por falta de documentación para certificar a propiedade.

Ademais, abriuse a proposta de dúas ofertas máis pero ambas as dúas foron rexeitadas pola mesma razón, o ser soares cunha orografía que presenta unha pendente superior ao 12%, algo que se especificaba claramente no pliego de prescricións técnicas.

O Concello anunciou a súa intención de seguir adiante, ou mediante outra fórmula o volver sacar o concurso.

# 6 meses de Mega Aforro

Fibra **1.000 Mb**  
Móbil **50 GB**  
CHAMADAS ILIMITADAS

**17€**  
/mes  
44€ IHTES

60% DTO. DURANTE 6 MESES Aforra **162€!**

**adamo**  
A mega fibra



Chama gratis ao  
**900 651 679**

Visítanos en  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)



**eero**  
an amazon company

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 02/05/2022 e o 30/06/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 6 meses, só pagarás 17 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de IFA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.



# Presentan os resultados do estudo de mobilidade de 2020

Xa teñen os resultados do Estudo de Mobilidade e Espazo Público (EME) e da enquisa realizada dende o 21 de setembro ao 19 de outubro do 2020. Neste senso, realizáronse 322 enquisas e ademais fixéronse traballos de campo para coñecer os desprazamentos que a veciñanza fai a diario tanto dentro do propio Concello como a outros da contorna, a ocupación dos aparcadoiros, os problemas de seguridade viaria e a configuración das rúas, as carencias na accesibilidade ou os problemas que conducen á degradación ambiental. Os resultados deste estudo amosaron que a maior parte dos desprazamentos no interior da vila, é dicir, son curtos, abranguen un 60%, o 20% son entre parroquias e o centro,

un 5% son desprazamento interparroquiais e por último un 15% son entre concellos. De estes datos case un 62% fanse en coche, 34% a pe, e un 2% en bicicleta.

Aseguran dende o Concello que en xeral, a poboación valorou positivamente as medidas de mellora de accesibilidade e de promover os desprazamentos de modo sustentable. O concelleiro Luis Fernández Álvarez, explicou a estratexia a seguir, "este Plan de Mobilidade foi un dos obxectivos marcados dende o principio debido ás recentes normativas europeas. É un plan que define tamén a tipoloxía de árbores, de mobiliario urbano, de alumeadado, etc.", dixo.

"A estratexia terá tres puntos, Vilalba camiñable, Vilalba conectada e Vilal-

ba próxima. Na camiñable fomentárase o uso de percorridos peonís e de creación de camiños máis seguros e saudables, así como a humanización da rúa Calvario, das Pedreiras, Conde Pallares, Pravia e Galicia", informou.

A extensión da rede peonil interna creará unha rede exterior que integre o Camiño de Santiago, o Muíño do Rañego, o paseo dos Condes, a Madalena e o paseo Fluvial.

Coa Vilalba conectada haberá cambios no modelo circulatorio creando zonas seguras para os colexios, melloras á accesibilidade e melloras na calidade ambiental. No tocante a Vilalba próxima cambiarase o modelo de aparcamentos creando un anel perimetral de estacionamento para a redistribución das prazas.

## Convocan o I concurso de música local

Vén de ser convocado en Vilalba o I Concurso de Música Local co obxectivo de apoiar as propostas musicais no eido municipal, divulgando e dando a coñecer os seus traballos, así como premiando a creatividade e innovación das persoas e grupos participantes.

Poden concursar todas as persoas que integran grupos de música, asociacións, dúos, solistas ou calquera outra proposta musical de Vilalba, consolidados ou de nova creación. Polo menos unha das persoas que formen parte do grupo deberá estar empadroada no concello.

Outorgaranse dous premios ás mellores propostas musicais de 1.000 e 500 euros de entre os fi-



nalistas do concurso que actúen o día proposto pola organización. O primeiro premio tamén será obsequiado coa gravación en estudio da peza musical galardoada e a gravación dun videoclip da mesma.

Os interesados en participar deberán presentar a documentación pertinente antes do 30 de xuño de 2022.

## Adxudican as obras do parque acuático

O Concello adxudicou as obras de construción do novo parque acuático da Madalena, que servirá para impulsar e ampliar as posibilidades de ocio desta zona fluvial. A empresa encargada da actuación é Obras e Servizos Gómez Crespo e o orzamento dos traballos será de 643.473 euros máis IVE. O proxecto contempla 3 piscinas, un edificio de servizos semisoterrado na ladeira, e varias zonas para descansar e tomar o sol, así como unha rampla que servirá para conectar entre si a zona fluvial coa das piscinas.

Contará con tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros de pro-



fundidade máxima e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. No caso do vaso infantil, complementarase con surtidores de auga que potencien e estimulen os xogos nesa área.

Tamén contará cun edificio de servizos que estará semisoterrado nunha ladeira de tal xeito que

a súa presenza non obstaculice as vistas ao río nin sexa obxecto disonante no enclave natural. Nesta infraestrutura integraranse os cambiadores, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona para recepción. Haberá tres zonas para tomar o sol, situadas a carón das piscinas.

## Adamo desprega a fibra óptica en nove parroquias

Estanse a levar a cabo as tarefas para o despregue da fibra óptica nas parroquias de Alba, Goiriz, Carballido, Insua, Torre, Soexo, Boizán, Oleiros e Belesar.

Esta actuación enmárcase dentro do programa de desenvolvemento de internet no ámbito rural do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, ao que está adherido o Concello de Vilalba. A empresa Adamo acometerá nas próximas semanas os traballos de tendido do cable de fibra nas citadas parroquias.

"A instalación de fibra óptica continúa a estenderse por Vilalba, un servizo moi necesario para as familias e as empresas, sobre todo as que

teñen a súa actividade no rural", explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas.

En concreto, a instalación será nos barrios de Casilla, Bidueiros, Touzas, Liñares e Torre en Goiriz; Vidal, Paiola, Outeiro, Louseira, Lela, Costa, Coea, Casas Novas, Carretera, Carral Maior, Amarigo e Abadín en Alba; Cruz en Carballido; Vilargabin, Santalla, Saa, Regueira, Rego, Rebordaos, Ponte de Sa, Pino, Pasaido, Merlan, Marcelle, Lama, Cotorina, Casasnovas e Abeledo en Insua; O Sixto, Pontepedrouzo, Penedo, Penadrade, Pedrouzos e Merlán en Torre; Igrexas en Soexo; Portovixil e Castro en Boizán; Liñares, Gardamil e Carracedo en Oleiros; e Len en Belesar.



**CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA**

*20 Años a tu lado*

**Dr. Juan Francisco Lema Ferro** Coleg. 270000874  
**Dra. Noelia Fernández Agudo** Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

Parking gratuito

clínica **TEST** dental



## EN BREVE

**TECENDO REDES.** Confirman o regreso de Tecendo Redes, tras o éxito da edición do ano pasado na que se elaborou un toldo feito a ganchillo que decorou as rúas da vila. Tanto o fío como os aros poden recollerse por aquelas persoas interesadas de luns a venres no propio Concello de Vilalba ou seolicitar por WhatsApp ao teléfono 639946307, para recoller o material. Este ano ademais, o Concello de Vilalba busca ampliar as rúas nas que se instalarán os toldos, que decorarán o municipio durante o verán.

**CONCURSO CARTEL.** O Concello convoca o Concurso de Deseño do Cartel das Festas de San Ramón e Santa María 2022 con prazo aberto ata 30 de xuño, a través da sede electrónica do concello ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00 a 14:00 horas, cubrindo a folia de inscrición que estará dispoñible na web do concello.

**AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ.** Coincidindo coa celebración do Día do Libro, o lescha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia convocaron a VI edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade. O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais de Galicia cedendo ao gañador 30 exemplares do mesmo. O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo.

**LETRAS GALEGAS.** A Asociación cultural de veciños do Campo de San Xoán celebrará o 17 de maio as Letras Galegas cunha serie de actividades que se desenvolverán na praza do mesmo nome. Así, ás 12.30 horas terá lugar a lectura de poemas por parte de María Xosé Lamas e Corredores de Sombras e ás 13.00 horas haberá un concerto de Buxos Verdes.

# “O obxectivo irrenunciábel é consolidar o proxecto socialista nas vindeiras eleccións”

A agrupación local do PSdeG-PSOE de Vilalba elixiu como secretario xeral a Eduardo Vidal

A agrupación local do PSdeG-PSOE de Vilalba aprobou na súa asemblea a configuración da nova Executiva Local, elixindo como secretario xeral a Eduardo Vidal.

Forman parte desta lista de integración e consenso concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, recuperando tamén algunhas persoas con experiencia política e sumando a outras con inquecandanzas e compromiso para aportar nas decisións futuras do partido. A executiva combina experiencia e xuventude, traxectoria profesional e política con novas ideas e visións. Un equipo de traballo interxeracional e que representa á sociedade vilalbesa con distintos perfís e realidades.

**Volve liderar a executiva local do PSOE en Vilalba. Cal é tarefa principal coa que accede ao cargo?**

Son varias as cuestións que me pranteixei dende de decidín presentarme de novo á Secretaría Xeral. En primeiro lugar, o compromiso cun proxecto que non me é alleo e polo que traballamos moitas persoas dende fai tempo. En segundo lugar, aportar experiencia de goberno á situación que deriva de ter sido a primeira forza política nas últimas eleccións municipais e polo tanto ostentar o poder institucional no Concello. En terceiro lugar, contribuir dende a xestión orgánica a consolidar a relación política nos distintos eidos e estamentos tanto sociais como institucionais, e por último, poñerme de novo a disposición do Partido para colaborar en todo aquilo que considere oportuno.

**Que outros obxectivos ten o PSOE de Vilalba?**

Como obxectivo irrenunciábel, consolidar o proxecto socialista nas vin-

deiras eleccións municipais sempre na procura de incrementar a base social que o sustenta. Neste senso temos xa posto en marcha unha campaña de novas afiliacións.

**Que nos pode dicir do equipo que lidera?**

Que é o que eu elixín, fixeno baixo as premisas da experiencia compartida e da capacidade de xestión, tanto no eido político como no das relacións persoais. Un conxunto de cualidades que calquera organización política que entenda que se debe de compartir o liderazgo debe de ter. Estou realmente satisfeito de este grupo de dirección política.

**Que lle fixo volver á política activa na comarca?**

Principalmente o sentimento de axudar, tanto dende o eido institucional como dende o orgánico, de maneira que se recoñeza a Vilalba, non só polo feito de ser a cabeceira da comarca, senón que tamén por aportar outra maneira de recoñecer as políticas, no conxunto dos concellos con goberno socialista que nos precederon. Isto é, co desenvolvemento de accións de goberno progresistas, igualitarias, feministas, inclusivas e de respecto ás persoas. E dende logo por seguir apoiando ás noas agrupacións ata que conquiran achegarse cada vez máis ás posicións de goberno.

**Está considerada como unha persoa asociada ao consenso e ao diálogo. Considera que estas son as características principais para un político?**

Dende logo que son fundamentais, pero deben de ir asociadas á toma de decisións compartidas e á aceptación destas, tanto polos da propia organización política como pola sociedade en xeral. No noso



caso considerámonos afortunados pois temos unha gran presidenta da Agrupación Socialista na persoa de Elba Veleiro.

**Supoño que gañar as próximas eleccións é o obxectivo máis desexado do plan. Xa están traballando nel?** Dende o primeiro día. Dende que comezou a lexislatura, e non nos está resultando doado pois son moitos os atrancos cos que nos atopamos e que derivan dunha nefasta transición de poderes por parte do goberno saínte. Con todo, confiamos en aumentar a confianza que nos deu a sociedade vilalbesa nas pasadas eleccións municipais. Recibimos a encomenda de gobernar

para todos e rematar coas diferenzas que establecía o PP. Diferenzas que fomos sinalando durante moitos anos, algo palpable pola sociedade vilalbesa. No 2023 haberá que decidir se queremos volver á política en branco e negro ou avanzar da man dun partido progresista que mira polo seu pobo e que, despois de 40 anos de políticas para a supremacía duns poucos, está a poñer a semente dos avances na gualdade de oportunidades e para todos e todas.

**Ocupa as tarefas de réxime interno, seguridade cidadá e servizos dentro do equipo de goberno. Cales son os seus obxectivos?**

Sen ningunha dúbida afianzar unha maneira de traballar e de resolver os problemas da xente. Renovar os contratos que aínda están pendentes, de maneira que a sucesión das distintas actividades propias do Concello evolucionen con total normalidade e non se vexan perxudicadas nun futuro a medio prazo.

**Da súa carreira política que destacaría?**

O agradecemento que sinto pola confianza que o Partido Socialista depositou en min ao longo da miña traxectoria política. Tamén o recoñecemento, que agardo se entenda dende a perspectiva de servidor do interese público. E como non, a inmensa bagaxe persoal ao respecto do coñecemento que me teñen dado as relacións coas persoas de calquera signo político e coa sociedade en xeral.

**Ten como obxectivo volver á Deputación?**

Non, foi unha parte moi importante da miña traxectoria pero non considero tal posibilidade.

<p><b>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</b></p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES MECANIZADOS</p> 	<p><b>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</b></p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p><b>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</b></p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ DUCATI</p>	<p><b>Y PARA TU JARDÍN...</b></p> <p>Cub Cadet ANOVA</p> 	<p><b>EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.</b></p> <p><b>RYS SESACAR</b></p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
--	--	---	--	---



# Os populares reclaman a elaboración dos orzamentos

O Grupo Municipal Popula urxe ao equipo de goberno a “elaborar un anteproxecto de presuposto municipal para o 2022”. A voceira, Sandra Vázquez, condena que “Vilalba non dispoña duns presupostos municipais adaptados ás necesidades reais dos veciños nestes tempos excepcionais que estamos a vivir e dos que somos conscientes. O goberno local demostra unha falta de xestión”.

A popular sinala que “o presuposto municipal é un documento que reflicta o proxecto de goberno para o desenvolvemento dunha vila. Sen embargo; o PSOE non foi capaz de presentar ningunha proposta dende que goberna, a pesar de que a señora. alcaldesa e o concelleiro de Facenda teñen manifestado publicamente da necesidade da elaboración das contas para o noso concello”.

Non é a primeira vez que os populares levan este asunto ao pleno. Incluso se teñen ofrecido a estudar un anteproxecto e negociar a aprobación das contas. Tendo en conta que se trata dun goberno en minoría, tralo ruptura unilateral do pacto de goberno, “a aprobación das contas municipais pasa indiscutiblemente polo diálogo político”, indican.



“Os orzamentos municipais constitúen un documento básico para xestionar o Concello”, sinala Vázquez. “Ao non dispoñer duns presupostos municipais, resulta moi complicado avanzar en temas importantes aos que os socialistas aínda non deron resposta como é o caso da aprobación da RPT, a elaboración do PXOM, a licitación do contrato de recollida do lixo e limpeza viaria ou a ampliación do polígono industrial”, subliña.

**COMITÉ EXECUTIVO.** O Partido Popular, que celebrou o seu congreso no que resultou elixida Sandra Vázquez como presidenta, vén de constituír o comité executivo local. A executiva xa está a traballar “cen-

trada en Vilalba, nas necesidades actuais dos veciños e na construción do futuro do municipio tendo en conta a súa historia, o seu potencial e, especialmente, a opinión dos vilalbeses”, manifestou a presidenta.

Xunto á presidenta do PP de Vilalba, Sandra Vázquez, integran o comité executivo: Pepe Franco como secretario xeral; Sandra Rivas como secretaria de Participación e Acción Electoral e José Antonio Pita como secretario de organización. Tamén están Carmen Otero, Pepe Janeiro, Sandra de Bernardo, José María García-Leira Boado, Agustina Fernández, Paula Gesto, Gaudi Pérez, Patricia Teijeiro, Inmaculada Ramudo, Flor Rey e Begoña Novo.

# Vilalba Aberta abre a campaña pola ampliación do polígono

“Un futuro en Vilalba para a veciñanza traballadora, a mocidade e a pequena e mediana empresa”. Así definiu Modesto Renda a campaña de Vilalba Aberta, a fin da “necesaria ampliación do polígono industrial” da localidade.

A iniciativa, que coexistirá nos vindeiros meses coa iniciada en febreiro en contra dos recortes de servizos no centro de saúde, pretende proxectar diante da veciñanza o “compromiso inquebrantable” da formación municipalista coa ampliación do chan industrial, ademais de “exercer a necesaria presión política e veciñal” diante dos “cinco anos de completa parálise municipal ao respecto”.

“Ao carón do polígono hai 300.000m<sup>2</sup> que, de poñerse a producir, resolverían os problemas do Concello para a captación de novas empresas e a ampliación das xa instaladas”, explicou un Renda que denunciou moi especialmente o feito de que, aínda que a documentación para a legalización do chan (modificación puntual das normas subsidiarias) “fora entregada xa en 2017”, no que vai de lexislatura “non houbo ningún avance”.

“Nos últimos anos deixamos pasar 20 empresas e un total aproximado de 200 postos de traballo. Non se

pode consentir e tocaba dar unha resposta”, denunciou.

Ao tempo, dende Vilalba Aberta censurouse a “indecente especulación” das fases anteriores, facendo Renda especial fincapé na necesidade de “garantir a futura produtividade” e evitar a compravenda de parcelas que logo “non teñan actividade industrial nin comercial” ou que, segundo se acabe de construír unha nave, o propietario/a a alugue a terceiros, “sen que se poña en marcha ningún proxecto empresarial.”

**ARRANXO DE PISTAS.** Logo dunha visita a Carballido, a formación municipalista Vilalba Aberta vén de anunciar o rexistro dunha nova iniciativa demandando o arranxo de varios viais de titularidade municipal na parroquia.

Adivirten do mal estado de pistas como as do Lugar da Pedreira, Lame-las e Penagrande e que dan servizo a un total de dez vivendas, entre as cales se atopa un negocio de turismo rural, ademais de a varias fincas diariamente utilizadas pola veciñanza.

“Esta nova iniciativa supón a enésima chamada de atención ao goberno do PSOE en relación co estado da rede viaria municipal” censurou o voceiro municipal.

LETRAS  
GA  
LE  
GAS

#LetrasGalegas2022

XUNTA DE GALICIA

17 de maio, dedicado a Florencio Delgado Gurriarán

Xacobeo 21-22

Festexemos a cultura que nos une.



## A Banda da Loba presenta o seu novo espectáculo

A banda da Loba é unha das formacións máis consolidadas do panorama musical galego actual. Volverá visitar ás Pontes o próximo 14 de maio, ás 20.00 horas, no Cine Alovi, co seu novo espectáculo.

Coa poesía e a lingua por bandeira, ofrécennos composicións propias con letras tamén súas ou inspiradas nos poemarios de escritores/as clásicos/as e contemporáneos como Rosalía, Celso Emilio, Celia Parra, Andrea Nunes ou Rosalía Fernández Rial, nas que tratan temas importantes para elas coma a diversidade, o ecoloxismo, a memoria ou o feminismo.

O seu novo disco Xabón Lagarta, está inspirado no universo vital das lavandeiras e neses espazos de liberdade, confidencias e in-submisión que eran os lavadoiros. As entradas xa están á venda anticipada en [www.tickettradas.com](http://www.tickettradas.com)

## Abre o prazo para os campamentos deportivos

O Concello das Pontes ten aberto o prazo dos campamentos deportivos organizados pola Deputación da Coruña no IES Rosalía Mera entre o 26 de xuño e o 1 de xullo.

Os campamentos están dirixidos á rapazada de entre 9 e 14 anos, nada entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2013.

As persoas interesadas poden inscribirse, ata o día 20 de maio, no departamento de Deportes, ubicado na primeira planta da Casa Consistorial.

# Piden a convocatoria urgente da Mesa pola Transición Xusta

O Comité de Crise das Pontes fixo pública a petición "inmediata e urgente" da Mesa pola Transición Xusta das Pontes.

"A pasada semana, tras a reunión mantida polo Comité de Crise das Pontes e tendo en conta que son moitas as inquedanzas que surden no proceso que se está a vivir sobre do peche da central térmica, coa activación da Central Térmica, cando menos ata maio, co proceso de peche e demolición en trámite e o plan Futur-e por concretar, os membros do Comité de Crise coincidiron en que "debe ser prioritario, neste tempo extra, concretar alternativas que garantan o futuro laboral e so-



cioeconómico da localidade, e dar alternativas xa aos colectivos máis vulnerables neste proceso de descarbonización (transportistas, traballadores/as da industria auxiliar e da principal", explican.

Por todo o anterior, desde o Comité de Crise recalcouse a urxencia de solicitar, novamente, a convocatoria da Mesa de Transición Xusta das Pontes, solicitada o pasado 25 de novembro de 2021.

## O cemiterio loce novo aspecto

Xa está rematadas as obras de mellora da accesibilidade e humanización da contorna do cemiterio dos Alimpadoiros, financiadas pola Deputación da Coruña e cun orzamento de 122.465 euros, destinadas a facilitar a mobilidade na zona e a mellorar o acceso principal á instalación de titularidade municipal.

Entre os traballos, iniciados no mes de outubro e que foron executados pola empresa Huso 29 Estudios y Construcciones S.L ocupou un lugar prioritario a mellora da accesibilidade coa eliminación dos desniveis existentes na fachada principal mediante a construción dun conxunto de ramplas.



O desnivel na parte inferior xa foi eliminado coa creación de dúas ramplas simétricas, en formas de L, deixando dous tramos de escaleiras

central. A escalinata curva foi substituída por unha escaleira central e por dous conxuntos de ramplas laterais, que seguirán o trazado da escaleira orixinal.

Ambas ramplas fixéronse con muros de formigón, deseñados como elementos de protección. Así mesmo, instaláronse varandas de aceiro inoxidable para garantir a seguridade na zona de tránsito peonil.

Paralelamente, fíxose unha reparación do firme da calzada. Con tal motivo, procedeuse ao fresado do viario e a aglomerado da contorna das ramplas e a continuación fíxose, con formigón impreso, o acceso central ao cemiterio.



## Comandante Lara visita As Pontes o día 21 de maio

Luis Lara, máis coñecido como Comandante Lara, é un auténtico fenómeno mediático nos últimos anos. Visitará As Pontes co seu novo espectáculo o 21 de maio, ás 20.00 horas no Cine Alovi.

Nesta ocasión ven acompañado de Jesús Tapia e Vicente Ruidos que farán as veces de teloneiros.

Un novo show no que Luis Lara, exercendo de Comandante, levará a voz cantante, e nos falará da súa relación co seu cuñado Ramiro, da súa situación tras deixalo a moza ... vamos, unha voráxine de penas.

## O servizo Coidados porta a porta chega a finais de xuño

As Pontes recibirá os días 27, 28 e 29 de xuño, a visita da unidade móbil de Coidados porta a porta, a iniciativa financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation para achegar aos maiores de 55 anos as consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria.

O servizo estará situado na praza do Carne da localidade entre as 9.00 e as 20.00 horas.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unah banda, un servizo de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

No servizo de audioloxía faise unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas desde unha perspectiva terapéutica de como previr e aminorar un deterioro, en caso de habelo.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico [coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal](mailto:coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal).

¿ACABANDO EL COLE?

¡Sí!!!!

RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

**LIBRERÍA CAMPUS**  
Nuestros años de experiencia nos avalan

BENEFICIASTE DEL DESCUENTO EN MATERIAL ESCOLAR TODO EL CURSO, COMPRANDO TUS LIBROS

Ronda Mercedes 45-47 LUGO (Zona Escola de Idiomas)  
Tel.: 982 284 705 / [libreriacampus@librosmil.es](mailto:libreriacampus@librosmil.es)

RESTAURANTE PARRILLADA

**O'Adro**

COMIDA PARA LEVAR  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56



## Adxudicadas as obras da nova pasarela sobre o río Eume

Xa foron adxudicadas á empresa Maren Servicios e Ingeniería S.L as obras de construción dunha nova pasarela peonil sobre o río Eume, paralela á ponte de Isabel II, acorde coa contorna e adaptada ás medidas de accesibilidade vixentes.

O proxecto, cun orzamento de 168.441 euros con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo mellorar a accesibilidade e mobilidade no casco urbano e garantir, deste xeito, unha mellor calidade de vida entre toda a veciñanza, minimizando, ao mesmo tempo o impacto visual.

Así procederase á substitución da actual pasarela por outra con xeometría triangular que permitirá minimizar o impacto visual da estrutura, sen entrar en conflito co patrimonio



histórico da vila.

Sobre esta estrutura, formada por unha cercha tridimensional metálica de aceiro, instalarase unha plataforma peonil con acabado en tarima de madeira tecnolóxica que, a través de diversos planos, evitará a formación de pantallas verticais que dificulten a visión da contorna e creará unha

zona de tránsito máis ampla, cómoda e segura, de dous metros de ancho, para os peóns.

A cercha contará con diversos reforzos estruturais metálicos e outros elementos modulares, coas mesmas características que a zona de tránsito, para evitar torsións e soportar as varandas da pasarela peonil.

## Convenio coa USC



O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e o reitor da Universidade de Compostela, Antonio López Díaz, asinaron un convenio de colaboración que servirá de marco para que estas dúas institucións colaboren en actividades científicas, pedagóxicas, ou de investigación, entre

outras, ao longo dos vindeiros catro anos.

O documento contempla diversas modalidades de colaboración como a execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre os diferentes institutos e/ou centros da USC e este concello coruñés.

## Presentan os resultados do proxecto Lembranza do Eume

O Concello das Pontes ven de concluir a primeira fase do proxecto "Lembranzas do Eume", dirixido a recuperar o patrimonio cultural inmaterial das trece parroquias do municipio e que contou co respaldo do Ministerio de Cultura, a través dunha achega da Subdirección Xeral do Instituto do Patrimonio Cultural de España.

O proxecto tivo como protagonistas a 55 veciños e veciñas, nadas entre 1920 e 1950, depositarias da memoria oral das Pontes, coas que se mantiveron conversas arredor dos seus recordos sobre as formas de organización colectiva, a celebración de festas, os oficios tradicionais, os seus coñecementos sobre a natureza e plantas medicinais así como sobre as narracións orais que escoitaron na

súa nenez.

Vicente Roca, concelleiro de Cultura apunta que "para poder acceder e recoller a memoria do noso municipio foi esencial a participación do tecido asociativo pontés. En total participaron vinte cinco asociacións, tanto de ámbito veciñal coma cultural e asistencial, que nos permitiron chegar ás veciñas e veciños que compartiron con nós os seus recordos, a súa memoria oral. En definitiva, a historia da nosa vila, que grazas á súa xenerosidade, xamais vai a ser esquecida".

Foron un total 34 horas de conversa coa veciñanza que permitiron recoller trazos moi significativos da memoria oral das Pontes así como doutros aspectos que conforman a identidade da vila.

## As Pontes saca a concurso a xestión da piscina municipal

O Pleno do Concello das Pontes aprobou o prego de contratación do servizo de xestión da piscina municipal, cun valor estimado de 2,87 millóns de euros.

O contrato, que terá unha duración de catro anos, prorrogables un ano máis, ten por obxecto a xestión integral da piscina municipal así como o suministro de todos os consumibles (gas, electricidade, outros) necesarios para o correcto funcionamento da instalación deportiva municipal actual como das que se poidan incorporar.

Entre os servizos que deberán prestar a empresa adxudicataria se atopa o mantemento e conservación das edificacións e dos equipamentos deportivos e asumirá a organización e



funcionamento da piscina e doutras instalacións paralelas ao complexo, así como a realización de actividades deportivas, recreativas (ximnasio, aeróbic, musculación e cardio) e de ensinanza e promoción da natación para as cales deberá definir programas.

## Once empresas optan ás obras de mellora da AG-64

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade recibiu 11 ofertas de empresas para executar as obras de mellora do firme na AG-64, ao seu paso polos concellos de Narón, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes, cun investimento de case 1,5 M€.

A intervención céntrase no acondicionamento e rehabilitación do firme nos primeiros 40 quilómetros desta autovía que une Ferrol e Vilalba, de cara a mellorar a seguridade viaria. Os traballos conta cun prazo de execución de seis meses.

As obras desenvolveranse entre os puntos quilométricos 0+000 e o 39+790 e centraranse na reparación do firme que se atope en mal estado, coa mellora da capa de rodadura, así como das condicións de adherencia.



# VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA  
Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606  
📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados



## Ponse en marcha o proxecto socioeducativo Espazo en Familia

Ponse en marcha o programa de apoio socioeducativo Espazo en Familia, dirixido a todas as familias pontesas con fillos e fillas menores de idade escolarizados nos centros educativos das Pontes, que ten como obxectivo prioritario ofrecer aos pais e nais un lugar para compartir as súas inquedanzas sobre a crianza e educación dos seus fillos e fillas e poder abordarlas con éxito.

“Coa axuda de profesionais, con experiencia en terapia familiar, educación social, psicología ou educación infantil, as familias que participen neste programa aprenderán a desenvolver accións de crianza positiva a través da aprendizaxe de pautas educativas e habilidades de comunicación asertiva para, deste xeito, crear unha contorna segura que facilite e promova o desenvolvemento dos seus fillos e fillas”, explica Tania Pardo, concelleira de Educación.

O programa, no que se establecen diversos grupos de traballo, dirixidos ás familias con fillos e fillas menores escolarizados nas distintas etapas educativas, a través de sesións grupais e individuais e accións de formación, abordará temáticas como a prevención de adiccións, a sexualidade e a afectividade na adolescencia, as dificultades de aprendizaxe, os problemas de conducta nos menores, a alimentación e os trastornos alimenticios ou a saúde mental.

Haberá tamén formación para as familias centrada en aspectos como a atención temperá, o uso das novas tecnoloxías, a prevención do acoso escolar, o fracaso escolar ou as claves para a negociación.

O coloquio inicial terá continuidade o día 9 de maio, ás 19:00 horas, a cargo de Virginia Castro, terapeuta familiar e educadora social, e a psicóloga, Yésica Bouza.

# “Traballamos co obxectivo de mellorar a saúde e calidade de vida das coidadoras”

Tania Pardo, concelleira de Benestar e impulsora de diferentes iniciativas para as veciñas

### Como xurde a iniciativa o telón dos coidados?

Esta proposta vén a darlle continuidade a unha serie de talleres que vimos levando a cabo no Concello das Pontes e que forman parte dun servizo de apoio as mulleres coidadoras de persoas con dependencia con varias iniciativas. Vimos traballando dende o ano 2019 e o obxectivo é mellorar a saúde, a calidade de vida das coidadoras así como a súa autoestima e o seu empoderamento. Este programa en concreto é un proxecto que pretende dar cobertura, tratamento e visibilidade, aos danos psicolóxicos, emocionais ocasionados polas tarefas dos coidados. Danos que se viron agravados polas consecuencias derivadas da pandemia.

### Que se ofrece neste programa?

Ofrécense distintas actuacións, asesoramento individualizado, talleres e outro tipo de actividades. Pero concretando neste programa, o do teatro, o que propoñemos é unha guía que prepara ás usuarias física e mentalmente para as distintas situacións da vida. O xogo e a dramatización obríganos a estar alerta e abrir os sentidos para poder entender as situacións que nos presenta a vida cotiá.

### Que ofrece ao usuario?

Con esta preparación preténdese potenciar a creatividade, seguridades persoais, a imaxinación, a espontaneidade, todas as habilidades que temos pero que non sacamos na nosa vida diaria. Trátase un pouco de poñernos no lugar delas nesa situacións de

coidados, que elas expoñan e se abran, o que pretendemos é que seña un espazo para compartir donde elas sen sintan agusto, compartan as súas experiencias e que nesas dúas horas que dura o taller se evadan da súa situación e creo que se vén conseguindo.

### Estaba este sector desatendido?

É un tema que ao meu modo de ver non se está atendendo apropiadamente, había programas para as persoas dependentes pero as coidadoras non tiñan oportunidades de participación, e con este taller cubrimos este obxectivo. Son mulleres que repiten pero o bon é que neste en particular participan mulleres que nunca o fixeron, creo eu porque é algo distinto.

### Trátase de grupos reducidos.

### Que razón hai para isto?

Dende o inicio mantemos as quince prazas, é o que se ofrece por tema de aforo e pola actividade en si, para poder atender a cada una de forma individualizada. Son sempre mulleres, o tema dos coidados recae maioritariamente nas mulleres. Non é que estea pechado para os homes, oxalá houbera algún participante home pero a realidade é a que é, e elas son as principais coidadoras.

### A necesidade existía e segue existindo neste sector?

A necesidade existía, estaba claro e unha vez que empezamos dímonos conta de que esa necesidade requería dunha continuidade no traballo. Temos tempos de descanso, pero é importante que non sexa unha actividade



esporádica, que teña continuidade para que elas vexan que son atendidas, con distintos planxamentos e actividades, e elas saben que van ter o seu espazo. Por eso, a miña intención é continuar con distintos talleres pero que segan participando.

### Nesta liña tedes outras actuacións?

No 2020 fixemos unha campaña con motivo do 8M, que era unha

experiencia de coidados, onde quixemos dar visibilidade a toda a poboación e a corresponsabilidade no ámbito dos coidados. O obxectivo era traballar o tema dos coidados transversalmente, que a sociedade no seu conxunto vexa que o tema dos coidados non pode recaer sobre a muller, que hai que compartir. Fixemos esa campaña centrados nese tema para darlle visibilidade.

**constru ferr**

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y FERRAMENTOS  
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

**Charanga**  
LUGO

AVDA. DE A CORUÑA, 39 - LUGO. 982 256 484 / 648 739 47





# Abrindo o telón dos coidados

O Concello das Pontes desenvolve un taller teatral pioneiro co obxectivo de seguir traballando no apoio das mulleres coidadoras

O Concello das Pontes deu comezo a unha nova actividade dentro do programa de atención ás coidadoras, un taller de interpretación teatral que leva por título *Abrindo o telón dos coidados* dirixido á veciñanza do municipio.

A través desta proposta, organizada polo departamento de Benestar Social, o Concello das Pontes busca contribuír, mediante diferentes liñas de traballo, ao empoderamento, mellora psicolóxica, recuperación emocional e participación das mulleres pontesas coidadoras informais de persoas dependentes para, deste

xeito, conseguir reforzar a súa identidade, seguridade en si mesmas, a súa autoestima e, en definitiva, mellorar a calidade de vida das mulleres participantes neste taller.

Tania Pardo, concelleira de Benestar Social e Igualdade, recalca que “a través do programa *Abrindo o telón dos coidados* queremos, mediante a interpretación e a educación teatral, potenciar a creatividade e habilidades persoais das mulleres coidadoras da vila, desenvolvendo a súa imaxinación, estimulando a espontaneidade, aumentando a percepción, sensibilidade e seguridade nelas

mesmas, fomentando a eliminación de complexos e inhibicións para, deste xeito, reforzar a súa autonomía, autoestima e personalidade”.

O programa, dirixido a mulleres que desenvolveron, desenvolven ou están en situación de desenvolver coidados no ámbito familiar, comprende 9 sesións de traballo, de dúas horas de duración cada unha, que inclúen asesoramento personalizado e o desenvolvemento diversas actividades lúdicas que formarán a táboa básica que preparará ás usuarias para unha representación teatral.

Son diferentes talleres nos que se abordan aspectos como as dinámicas de percepción (voz, concentración e atención, retención e memoria), a teoría sobre o proceso teatral e os seus beneficios sobre as persoas coidadoras, xogos motrices e de representación, expresión corporal e mímica, actividades de improvisación así como dinámicas para entender a interpretación como unha arte de transmitir un texto con naturalidade e emoción.

“A través desta preparación para a creación dunha obra teatral, as mulleres coidadoras comprende-

rán e interiorizarán outro punto de vista sobre a súa propia vida xa que, desde a escenificación aprenderán a relativizar, ironizar, comprender de xeito máis liviá e ata ridiculizar os capítulos dramáticos da vida para aliviar a carga emocional, os prexuízos, os pensamentos negativos diarios e aumentar o sentido do humor, aplicándoo a todos os ámbitos da vida cotiá” subliña Tania Pardo.

Todas as actividades se levará cabo na aula polivalente da Casa Dopeso, I ata o 23 de xuño, os venres, de 10:00 a 12:00 horas.

## MONITORA

### “Queremos que melloren a súa autoestima e que o pasen ben”

Verónica é unha das monitoras habituais das distintas formacións que se levaron a cabo nas Pontes e encárgase tamén deste novo obradoiro. Parte co obxectivo de facer un bo grupo, “que cheguen a ter confianza entre elas, que se sintan cómodas, con plena liberdade física, mental e emocional para comentar o que lles apeteza. A finalidade, unha vez máis, é empoderalas para que consigan seguridade e confianza en si mesmas”.

Como explica Verónica, a través deste taller igual que no resto, “vanse tomar moitas decisións, individuais e grupais, e iso reverte moito na propia autoestima”.

“O meu obxectivo ideal volve ser que se coñezan máis a si mesmas, impulsar as súas capaci-

dades e habilidades e desenvolver outras diferentes. Gustaríame que ao adquirir outro papel diferente, vexan a súa vida dende outro punto de vista, porque iso sempre dá moita amplitude de como estás vivindo as cousas, como afrontalas e todo vai significar un crecemento persoal para elas”.

“O que pretendemos e dar cobertura, tratamento e visibilidade aos danos psicolóxicos e emocionais que ocasionan as tarefas dos coidados”. O desexo de Verónica para esta edición e que o pasen moi ben, eliminar moitos complexos, inhibicións e tabús e desenvolver a imaxinación, a espontaneidade, potenciar a creatividade... que sexan mulleres con gañas de mellorar a súa autoestima e de pasalo ben”.

## USUARIA

### “Empecei a verme a min mesma, a pensar tamén en min”

Teresa é unha das usuarias dos programas que se desenvolven dende o Concello para as coidadoras. Xa leva feitos varios obradoiros e comezou estes días esta nova actividade.

Para ela, que comparte coidados de familiares, supuxo un apoio importante para desenvolver esa nova faceta da súa vida.

Foi ao primeiro por unha recomendación e non deixou de ir ata o de agora, participando incluso no tempo de pandemia, cando se celebraron on line.

“É curioso como estes cursos te fan verte diferente. Cando estás nesta situación sempre pensas primeiro nos demais, aínda que non queiras, priorízao. Pero co tempo empecei a verme a min mesma, a pensar tamén en min,

en reservar un momento para pensar nas miñas cousas sen estar sempre coa mente no problema que temos na casa”.

A experiencia de Teresa é positiva e valora cunha gran apreciación ás monitoras: “Fannos interactuar moito, sacar as cousas de dentro, exteriorizar os nosos problemas e así podes ver tamén que non é algo teu, que é compartido, ademais aprendes a usar outras ferramentas ou técnicas e iso é de moita axuda”.

Así mesmo mantén un gran agradecemento á concelleira de Benestar, Tania Pardo, “preocúpase por nós e por facer estas cousas porque a xente necesita estes talleres e estes respiros porque alivian e son de moita axuda. Toda a organización está moi implicada”.



## Friol recorda ao ex alcalde José María Varela nunha rúa

O Concello, representado polo seu alcalde, Jose Ángel Santos, e parte da súa corporación, quixo facer unha pequena homenaxe ao que fora alcalde de Friol, José María Varela Guerreiro.

A este acto asistiu gran parte da familia do defunto alcalde, entre os que se atopaban a súa viúva, Carmen Castiñeira, as fillas, Carmen e Lourdes Varela, e os seus netos, María, José e Manuel Maseda. Tamén asistiu ao acto o actual director do colexio público de Friol, Felipe Barata.

Esta homenaxe foi propiciada polos citados netos, que foron os que se puxeron en contacto co actual alcalde de Friol, xa que querían recordar de algunha forma, case 40 anos despois, ao seu querido avó. Eles non chegaron a coñecelo, pero sempre tiveron unha vinculación especial con Friol e sempre o recordarán como unha persoa importante para este pobo.

Este bo e querido alcalde exer-

ceu o seu mandato no pobo friolés dende o ano 1976 ata o ano 1984. O seu mandato, que compatibilizaba co seu posto como director e mestre no colexio público do municipio, rematou en setembro do 1984 debido a que a morte o chamou antes de tempo, aos 48 anos de idade. Naceu na parroquia de Ousá e casou con Carmiña, tamén mestra do mesmo centro escolar, nacida na parroquia de Narla.

O proxecto no que estaba traballando era nas traídas de auga para o municipio, que era unha obra moi importante para os veciños e veciñas en aqueles momentos.

O alcalde actual, Jose Ángel Santos, e un dos seus netos, Manuel Maseda, dedicaron unhas bonitas palabras a José María Varela Guerreiro e á súa labor tanto como alcalde como tamén como director e mestre do colexio público de Friol, no cal tamén era moi querido polo seu alumnado.



**NOVO NEGOCIO.** O municipio de Friol conta cun novo negocio no seu municipio, un supermercado Vegalsa – Eroski que está situado na avenida Deputación. Este novo negocio “conleva un esforzo extra, moito traballo e sacrificio para intentar saír adiante”, dixo o rexedor friolense, José Ángel Santos.

## A Feira do Queixo xa é Festa de Interese Turístico de Galicia

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia varias celebracións como a Festa da lamprea Seca de Arbo, a Festa da Malla Tradicional de Lalín, a Feira do Viño de Pantón e a Feira do Queixo e do Pan de Friol.

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e tras os trámites preceptivos, infórmase favorablemente ao cumprir os requisitos exixidos, como a singularidade, o valor cultural, o arraigo da festa, a creatividade e innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de



infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e para a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes ou o adecuado coidado das contornas urbanas, monumentais ou paisaxísticas onde se desenvolve.

En Friol, na segunda quincena do mes de marzo, celébrase anualmente a Feira do Queixo e do Pan, co obxectivo de homenaxear e preservar a tradición local de elaboración do queixo e do pan, así como rememorar o costume antigo das feiras que tiñan lugar no Concello de Friol.

## O GDR4 coordina un proxecto europeo para o desenvolvemento rural

O GDR 4 – ADR Comarca de Lugo acolleu na súa sede en Friol aos participantes do proxecto Erasmus+ KA220 Rural Plus os cales son: Nouseva Rannikkoseutu (Finlandia), IPN INCUBADORA – Asociación para o Desenvolvemento de Actividades de Incubación de Ideas e Empresas (Portugal), University of Cyprus (Chipre), Associazione Culturale Enjoy Sicily (Italia) e a Asociación Cultural Inglicia (España) para o seu primeiro encontro presencial deste proxecto, do que é coordinador o GDR 4.

O proxecto Rural Plus é un proxecto de cooperación cunha duración de 2 anos que ten como obxectivo crear itinerarios de formación innovadores, baseados en experiencias de éxito, así como no desenvolvemento de



metodoloxías que fomenten a participación, para que os mozos poidan desenvolver habilidades e destrezas acordes aos tempos, tendo acceso a unha serie de oportunidades como o sector TIC, que lles permitirá incrementar as súas oportunidades laborais así como poñer en marcha o seu

propio negocio rural.

Por este motivo realizarán un estudo de investigación europeo para pescudar cales son as principais necesidades das persoas que viven en áreas rurais, e logo deseñar a capacitación de itinerarios a partir das respostas.




M O B E L R I A S




M O B L E S  
QUE A  
TÚA CASA  
NECESITA

**PLAmoble** Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

CARTA  
MENÚ DO DÍA  
BANQUETES

Xornadas de caza



CASA  
MARAGATA

FUNDADA 1898

M

CASA  
MARAGATA

PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201



# Friol e A Castronela volven ser castrexos

A vila acollerá a fin de semana do 7 e 8 de maio unha nova edición do Friulio

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 7 e 8 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas.

Nesta cuarta edición da festa volverán participar diferentes asociacións castrexas e romanas chegadas de toda Galicia e tamén de outras comunidades de España, que forman parte activa en eventos de interese turístico internacional, nacional ou galego, como o Arde Lucus, as Guerras Cántabras ou as Xornadas de ambientación e reconstrución histórica de Numanzia.

En total este IV Friulio contará coa participación de máis de 25 asociacións

de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 400 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.

As actividades principais da festa volverán estar ubicadas en torno ó paseo fluvial, co establecemento do castro galaico, onde se manterá a recreación de oficios, e o campamento romano. Ambos asentamentos son os grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 10 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo.

O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun castro ata a elaboración do pan que utilizaban as milicias romanas nos seus

desprazamentos, a elaboración do queixo de Friol, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de fiado, teas e complementos, orfebrería, chaveiros, tiro con arco e xogos populares.

O asedio ao castro volverá ser o momento máis espectacular do Friulio, onde se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. Outras representacións desta edición serán a escaramuza castrexo-romana, o descenso en balsa do río Narla, o enterro celtibero como peche o sábado á noite e a voda celta o domingo pola mañá, ademais de outras escenificacións como A muller en Roma, El marido chafado ou Liorta polo tesouro do castro.

Todas estas actividades levaranse a cabo integramente na vila de Friol,



ocupando diferentes ubicacións como as inmediacións do centro e do paseo fluvial, a avenida de Santiago ou a praza de Andón Cebreiro. Para incentivar a ambientación da vila, desde o Concello de Friol vólvese convocar o concurso de escaparatismo e fachadas.

A música volve ter unha grande importancia este ano, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde,

Tympana Gallaica ou Os Melidaos. Na noite do sábado actuarán recoñecidos grupos como Las Antonias, Carlos Bau, La Banda del Camión ou DJ Expósito.

E a gastronomía tamén terá un papel protagonista, coa degustación de porco celta ao espeto o domingo.

Finalmente, o veciño de Friol e director do CPI Doutor López Suárez, Felipe Barata, será condecorado como Persoeiro de Honra deste IV Friulio.

## O colectivo detrás da festa

Falar de Friulio é falar tamén da Castronela, a asociación que lle da vida a esta celebración histórica.

Son moitas as asociacións que se achegan ata Friol para participar neste evento pero destaca entre todas a Castronela, originaria de Friol e que ten unha ampla actividade durante todo o ano, actividade que se viu mermada, como todos, durante os últimos anos de covid.

Sen embargo as orixes da Castronela non veñen co Friulio, nace da inquietudanza dun grupo de familias que no ano 2014 xuntáronse para poder celebrar unha festa totalmente esquecida no pobo, o Samaín. Para iso, organizaron distintos talleres no enclave da Torre de San Paio de Narla. A idea foi máis que ben acollida e as gañas de repetir quedaron tan

claras que ao ano seguinte fundan a asociación A Castronela, co obxectivo claro de “axudar á dinamización cultural e social do pobo aportando e os nosos coñecementos dentro da recreación”, explica o presidente do colectivo José Antonio, coñecido como Viña.

Así seguiron facendo distintas actividades, sumando as aportacións de membros doutras asociacións culturais ás que se realizan durante todo o ano. A todo isto súmanse a realización de talleres, charlas, conferencias, saídas a distintos enclaves culturais, etc, coa fin sempre de por en coñecemento “a nosa cultura, os nosos os bens culturais cara”, sen esquecer as visitas a outros concellos “que tamén nos aportan moito”, indican dende a asociación.

Actualmente A Castronela está formada por 140 socios, entre os que participan equitativamente homes, mulleres e nenos, que non deixan de apuntarse a cada unha das actividades que se organizan para “medrar culturalmente”.

Pero a actividade da Castronela xa comeza antes de celebrar a festa para ter todo listo para a gran fin de semana do Friulio, no que realizan, en colaboración co Concello, talleres de confección de coiro, de cestería e mesmo de elaboración de pan. Pero o máis destacado do programa non deixan de ser as recreacións entre castrexos e romanos, na que participan máis de vintecinco asociacións tanto de Friol como doutros lugares, principalmente da provincia de Lugo, aínda que tamén acoden á chamada



do Friulio, colectivos da Coruña, Cantabria o mesmo Soria.

“Este Friulio que se vai a levar a cabo constitúe un novo renacer dado que durante dous anos todas as actividades culturais ou practicamente todas tiveron que ser suspendidas polo que esperamos que nesta edición contemos con moitos visitantes que podan darnos esa difusión que precisamos para poder continuar con to-

dos os proxectos que dunha maneira ou outra se viron afectados”, lembra Viña.

A asociación A Castronela agradece ao Concello de Friol “a confianza depositada en nós para ser novamente organizadores do Friulio e sobre todo darlle as grazas á veciñanza que una vez máis e pese a todo o pasado estanos a apoiar e animar a seguir cara adiante”, conclúen.



**GEOCLIMA ST**  
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**

**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas



REFRIGERACIÓN



CALEFACCIÓN



SOLAR TÉRMICA



BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo  
982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)



**RECAMBIOS**  
MAQUINARIA AGRICOLA  
**CORBAR**

INNOVACIÓN, COMPROMISO E GARANTÍA  
A tecnoloxía máis avanzada ao servizo do campo



Extendedor Galvanizado



Rodillo Revilla

Polígono Ind. O Morelle nave nº 4, 27614 · Sarria · Lugo  
Telf.: 982 531 463 · [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com) · [www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)



## Margarita Ledo recibirá en Cans o Premio Pedigree

A asemblea da Asociación Cultural Arela, que organiza o Festival de Cans, acordou conceder a distinción de Honra, o Premio Pedigree, á cineasta, escritora e investigadora, Margarita Ledo Andiñón, nada en Castro de Rei no 1951, unha das autoras cunha traxectoria máis transversal no cinema galego abarcando campos tan diversos que van desde a creación e investigación á docencia no ámbito audiovisual.

Arela quere premiar en Margarita Ledo “por unha obra caracterizada pola defensa da lingua, a visibilidade das mulleres anónimas e a intención de reconstruír a identidade dun país rescatando a memoria borrada”.

Ledo recibirá este ano o Premio Pedigree, a máxima distinción que outorga o Festival de Cans co Can de Pedra, e colocará a súa no Torreiro das Estrelas no marco da XIX



edición do Festival, que se celebrará entre o 18 e o 21 de maio. Ledo foi directora de catro longametraxes pero co seu último filme, Nación (2020), obtivo varios recoñecementos como o premio á mellor dirección de película española no Festival de Cinema Europeo de Sevilla, o Mestre Mateo ao mellor documental, e foi preseleccionada para os Premios Goya.



**EXECUTIVA DO PSOE.** Na asemblea da agrupación municipal do PsdG-PSOE de Castro de Rei elixiuse a nova executiva local. Nesta asemblea, José Luis Castro Tellado foi elixido como Secretario Xeral. Do mesmo xeito, foron escollidos tamén outros tres membros da executiva. Secretaria de organización quedou nomeada María José Folgueira Lage; secretaria de Igualdade, Ana Canto, e secretaria de Xuventude, Alba Sinde Paz.

## O PP reclama a posta en servizo da planta de biogás da Granxa Gayoso

“O goberno da Deputación é ineficaz, como quedou xa sobradamente demostrado dende o inicio do actual mandato. Pero hai algúns asuntos nos que a ineficacia resulta clamorosa e claramente prexudicial para os intereses da provincia. É o caso da planta de biogás do centro de recría na Gayoso Castro” tal e como indica o voceiro popular, Javier Castiñeira, quen sinala que “no grupo provincial do PP entendemos que é absolutamente inadmisíbel que estea parada a planta de biogás do centro de recría de Castro, que custou case millón e medio de euros”.

Lembra que “foi deseñada xa hai oito anos e que debería estar xa xerando enerxía; esa planta, que no seu día foi anunciada polo goberno da Deputación para facer un centro enerxeticamente sostible e para xerar un aforro enerxético, está parada”. Os populares non entenden por que aínda non funciona, “e máis cando vivimos unha crise enerxética internacional e cando os prezos da enerxía están polas nubes”.

Castiñeira declara: “É unha nova



Visita de Castiñeira e o alcalde á Granxa Gayoso Castro

mostra da falta de xestión, da ineficacia do goberno bipartito da Deputación, que ten bens e non consegue poñelos en valor. O PP pedirá no pleno que se active o antes posible. Así o fixo tamén o equipo de goberno do Concello de Castro de Rei, que no seu momento presentou unha moción para que se activase a planta de biogás. Hoxe esa planta o único que dá é gasto, porque ten un mantemento, unha tecnoloxía e equipamentos que hai que manter mentres

non estean en funcionamento”.

Para o portavoz popular, “é unha planta importante, ata o punto que no seu día díciase que era unha das máis grandes de Galicia; despois de tanto tempo esa obxectivo igual se queda un pouco grande”. Asegura que, “en todo caso, estamos a falar de 300 quilovatios hora de enerxía, que deba estar producindo e xerando aforro e pola falta de xestión e de compromiso do goberno da Deputación de Lugo está aínda parada”.

## EDP investirá na renovación da liña que une Ludrio co Ceao

Na provincia de Lugo, onde o Grupo EDP desenvolve a actividade de distribución eléctrica a través de Begasa, a compañía ten previsto investir máis de 22 millóns de euros durante 2022 para mellorar a calidade da subministración. Este esforzo investidor céntrase principalmente na renovación, modernización e dixitalización de activos, co obxectivo de mellorar a fiabilidade da rede eléctrica de Lugo.

Dentro deste plan atópanse o proxecto de renovación da liña de alta tensión que une as subestacións de Ludrio e O Ceao e que xa se finalizou. Cun investimento total de 680.000 euros, o proxecto consiste en construír unha nova liña que aumenta a potencia dispoñible e mellora a calidade e seguridade da subministración eléctrica. En total investiu 680.000 euros.

A nova liña ten unha lonxitude de 13.722 metros e deixa a rede preparada para atender unha maior demanda de enerxía na capital lucense, principalmente para os novos axentes enerxéticos como o autoconsumo solar e o vehículo eléctrico.

A principal vantaxe da nova liña, en comparación coa anterior, é que devandito aumento da capacidade de distribución realizouse sen que fose necesario substituír ou reforzar a maioría dos apoios existentes, minimizando así o impacto da actuación.

Dentro do seu compromiso ambiental, EDP márcase como obxectivo en cada proxecto minimizar o impacto da súa actividade. Por iso, dotou á liña con elementos de anticollisión de aves, mediante a instalación de “tiras en X”.

## O PSOE demanda paneis informativos nas paradas de bus

O voceiro Socialista de Castro de Rei, José Luis Castro Tellado demanda “que se coloquen paneis informativos ao longo das paradas da vila para informar á veciñanza e aos visitantes dos horarios así como das liñas de autobuses”.

Así o dixo, tras escoitar queixas dos usuarios que utilizan o transporte público para trasladarse pola provincia, e que comprobaban que non existe nin horarios nin ningún tipo de información sobre as liñas que transcorren polo Concello.

O voceiro remarcou que “si queremos incentivar que a veciñanza use o transporte público, dende o Concello debemos facilitar na medida do posible toda a información relacionada sobre cales son os horarios, onde están as paradas así como as compañías que prestan servizo en Castro de Rei, e que transcorren pola nosa vila”.

### TIENDA ALIMENTACIÓN GOURMET y Café Bar PUENTE

ESPECIALISTAS EN QUESOS, EMBUTIDOS  
DE LA ZONA Y BOTELOS DE FONSGRADA

Todo tipo de productos para la matanza  
CONSERVAS - MIEL - FRUTA - VERDURAS - CONGELADOS  
VINOS - LICORES - TARTAS ARTESANA - PAN FRESCO  
PRENSA DIARIA - BUTANO Y PROPANO (CEPSA Y GALP)

• ABIERTO DE LUNES A SÁBADO DE 10:00 A CIERRE •  
• DOMINGOS DE 11:30 A CIERRE •

Este mes de maio en nuestra CAFETERÍA cafés para llevar 90 CTS.  
En nuestra TIENDA leche 100% gallega 67CTS / litro (Llevando 1 caja)

¡La vida es bella!

Avda. Outeiro de Rei, 3 - Castro Riberas de Lea  
☎ 982 310 084 - 649 031 971



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS



CONCURSO DE  
**deseño**  
DO CARTEL  
FESTAS DE  
**SAN**  
RAMÓN  
e  
SANTA  
MARÍA  
2022

PRAZO DE  
INSCRICIÓN  
ATA O  
**30**  
DE XUÑO DE 2022

+INFO:  
vilalba.gal

Concello de Vilalba



## FEIRA DE ARTESANÍA

DEMOSTRACIÓNS DURANTE TODA A FEIRA

(LARA NASEIRO • JOSÉ GÓMEZ DE BERNARDO • XANECO TUBÍO  
XOSÉ PINEIRO • MULLERES DE INSUA • EXPOSICIÓN IESCHA

SÁBADO

OBRADOIROS DE BAILE TRADICIONAL (ON MONTSE RIVERA (LEILÍA)  
PASARRÚAS A.C. ANDRADE • CONCERTO DE: DE VACAS

DOMINGO

PASARRÚAS CERNA DE ÁRBOL DA A.C.D. DE ÁRBOL • CONCERTO DE: BRÚA

VILALBA 7-8 MAIO 2022

CASSETAS SITAS NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN



Concello de Vilalba

**I** CONCURSO DE  
**MÚSICA LOCAL**

PARA GRUPOS, ASOCIACIÓNS, DÚOS,  
SOLISTAS... DO CONCELLO DE VILALBA  
CALQUERA XÉNERO MUSICAL,  
CON LETRA E MÚSICA ORIXINAL

DATA LÍMITE ATA O 30 DE XUÑO DE 2022

PRIMEIRO PREMIO: **1.000€**  
GRAVACIÓN EN ESTUDIO  
VIDEOCLIP

SEGUNDO PREMIO: **500€**

MÁIS INFO:  
WWW.VILALBA.GAL

Concello de Vilalba



## Comeza a implementación do desenvolvemento sostible

O Concello de Guitiriz dá comezo á andaina que o levará a contar cun Plan para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e o cumprimento da Axenda 2030.

Este proxecto, que nace da man do Fondo Galego de Cooperación Internacional, divídese en tres fases:

A primeira consiste na realización dun diagnóstico inicial sobre o cumprimento actual da Axenda 2030 no Concello de Guitiriz. Farase a través dunha metodoloxía participativa, contando con todos os axentes sociais.

Na segunda xa se entrará de cheo na elaboración do Plan municipal de implementación dos ODS, no que se plasmarán accións con medidas concretas que poidan executarse nos próximos tres anos para avan-



zar no cumprimento da Axenda 2030 e dos 17 ODS.

A terceira e última fase coa que se rematará este proceso consistirá no deseño dunha ferramenta para o seguimento do Plan e a medición do impacto que está a ter no municipio e na cidadanía, establecendo indicadores e metas concretas para cada un dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Paralelamente, realizaranse actividades de comunicación e divulgación co fin de transferir o impacto á comunidade local.

## Inician un proxecto piloto para regularizar os contadores de auga

O Goberno local iniciou un proxecto piloto no Curro Vello para regularizar os contadores de auga debido á entrada en vigor da normativa estatal que obrigará proximamente a facelo en todo o municipio.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, explica que “proximamente, por orde ministerial, será obrigado o cambio en todo o municipio e nós decidimos poñernos xa mans á obra vendo como funciona nesta zona do casco urbano, no Curro Vello”.

O mércores os operarios da empresa contratada polo Concello para realizar este proxecto piloto comezaron a substituír os contadores de auga do Curro Vello por outros máis modernos, sen que isto supoña ningún custo para os titulares.

“Había algún contador do ano 1964”, explica a rexedora, que subliña a importancia deste cambio xa que “os contadores que non funcionan ben provocan problemas, pode ocorrer



que se algún non funciona como é debido, os que si funcionan sufragan os gastos destes avariados”.

Polo tanto “é un beneficio para todos, para o Concello e para os usuarios. É importante que todos paguemos o que gastamos, que non teñamos ningún custo adicional”. E é que “moitas veces a lectura faise de xeito manual e un erro da persoa que o le pode ocasionar o cobro dun

recibo máis alto do normal”, incide. Por outra banda, este novo sistema de contadores permitirá que o Concello poida levar un mellor control de posibles fugas de auga. “Evitaremos así que se desperdicie este ben, adaptándonos ademais ás recomendacións que fan as entidades competentes para o aforro de auga debido á nova situación meteorolóxica que vivimos”, aclara.

## O Concello cobrará unha taxa pola instalación de sistemas de transporte de enerxía

Guitiriz aprobou unha nova ordenanza reguladora da taxa pola instalación de sistemas de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos en dominio público.

O documento, que se publicou onte, martes 12 de abril, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) estará a exposición pública e pode consultarse na Secretaría municipal durante 30 días, poden formularse as alegacións que se consideren oportunas.

Constitúen o feito impositivo desta taxa as instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables (torres, transformadores, bombeo...) e as de gas, hidrocarburos e outros bens similares.

Como anexo da ordenanza incorpórase o cadro de tarifas que terán que asumir as persoas físicas ou xurídicas que executen estas instalacións.

**BNG.** Pola contra, o Bloque Nacionalista Galego impulsou no pleno unha proposta para aplicar unha redución dos impostos municipais e fomentar a instalación de sistemas de aproveitamento solar. A proposta foi rexeitada cos votos en contra do PSOE e a favor do PP e BNG.

En concreto, a medida propón bonificar o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) nun 50% durante 5 anos e o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) nun 50%.



**GUITIRIZ EN RUTA.** O domingo 24 de abril, 44 persoas participaron na saída á Cova da Serpe dentro do programa municipal Guitiriz en Ruta 2021/222. O itinerario constou de 12 quilómetros, con percorrido circular de saída e chegada na escola das Negradas, polo cordal da Cova da Serpe, na parroquia das Negradas. O destino final era a propia Cova da Serpe, cova natural de rocha granítica, digna de visitar e un dos puntos máis altos desta serra. A próxima e última saída desta edición de Guitiriz en Ruta será o domingo 29 de maio en Penas de Rodas, Outeiro de Rei.

## Guitiriz vólcase co Día das Letras Galegas

A biblioteca pública Escola Habanera, a Escola de Música e a UNED Sénior renderán tributo a Florencio Delgado Gurriarán, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2022, o próximo luns 16 de maio.

As actividades terán lugar no Campo da Feira a partir das 17:00 horas e comezarán cos Xogos da Primavera, nos que a mariola, o xogo da ra, a peonza ou a petanca estarán a disposición dos máis cativos e tamén dos maiores.

Para as 18:30 horas está prevista unha actuación musical a cargo do alumnado da UNED Sénior e, seguidamente, ás 18:45 horas realizarase unha lectura colectiva de poemas do escritor homenaxeado. Rematarase a xornada con música da man do grupo de gaitas da Escola de Música municipal.

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATAÇÃO - RECLAMAÇÕES  
SUBVENÇÕES - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

**ATABERNA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
HAMBURGUESAS  
PASTAS  
ALCO  
COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com



guitiriz

## O Plan Único destínase a diferentes actuacións

O Concello de Guitiriz destinará os 479.786,33 euros que lle corresponden a través do Plan Único da Deputación de Lugo para un plan de investimentos que inclúe proxectos de mellora da rede viaria, fomento do emprego, realización de eventos e administración electrónica.

A renovación de estradas leva gran parte do financiamento, supoñendo 393.508,91 euros do orzamento total, e inclúe actuacións nas parroquias dos Vilares (accesos Acción e Vilarchán), San Salvador (accesos Mámoa, O Pinar, Vigo, Pumares e Teixidos), Lagostelle (Ansele), Roca (accesos Quintán e A Igrexa), Becín (acceso Becín de Abaixo) e Labrada (acceso a Sinde e Pumariño -estrada Labrada-Cambás-).

Por outra banda, en canto ao fomento do emprego destinaranse 25.375,95 euros para a contratación dun arquitecto e 25.000 euros para sufragar os gastos do persoal do Servizo de Axuda no



Fogar (SAF).

O Plan Único provincial tamén servirá como apoio para a realización de eventos no municipio, como a festa da Torta de Millo (21.541,45 euros) e a Feira dos Callos e da Cantería de Parga (2.601,28 euros).

Por último, consígnanse 11.776,74 euros para o financiamento da plataforma 'Gestiona', que permite levar a cabo as diferentes xestións da administración electrónica tanto para os técnicos municipais como para a veciñanza.

## O San Xoán contará este ano cunha Festa da Xuventude

Guitiriz recuperará este ano as súas festas patronais na honra a San Xoán e avanzaron xa unha das actividades, que consistirá na celebración da I Festa da Xuventude, que terá lugar o propio 23 de xuño, a noite da fogueiras.

Os actos darán comezo cunha sardiñada gratuita a partir das 21.00 horas para dar comezo á medianoite á festa que se celebra baixo o título Dance Gold Edition, coa mellor música dos 90 e 2000 en macrodiscoteca.

Estarán DJ Frisco & Marcos Peón, DJ Celso Bayo e Hugo Leivas.

A celebración está ao cargo da aso-



ciación Ecce Homo en colaboración co Concello de Guitiriz, a Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle e os comerciantes de Guitiriz.

cospeito

## Investirán 450.000 euros na restauración ecolóxica da lagoa

A Xunta de Galicia destinará case 450.000 euros ao proxecto de restauración ecolóxica da lagoa de Cospeito, un dos humidais máis importantes da Comunidade e no que se actuará co fin de garantir un bo estado de conservación para a súa biodiversidade nos vindeiros anos.

As obras sobre o terreo comezarán no mes de maio e previsiblemente estarán terminadas en decembro.

O obxectivo da intervención programada na zona é dobre, xa que por un lado están previstas varias accións encamiñadas a asegurar unhas condicións favorables para os hábitats e as especies de fauna e flora que alberga este ecosistema, e ao mesmo tempo, búscase tamén favorecer o seu uso e desfrute público de cara ao futuro.

A tal fin, explicou que aínda que en xeral o estado do humidal lucense é bo, considérase necesario corrixir certas situacións mediante accións dirixidas á restauración do bosque



de ribeira do río Guisande, ao control das especies exóticas invasoras detectadas no entorno, ao mantemento do sistema de presas da zona húmida ou á recuperación do campo visual dos observatorios de aves existentes, eliminando vexetación.

A maiores, tamén está previsto intervir para mellorar a lámina e o fluxo da auga así como levantar un peche vexetal en determinadas zonas do sendeiro de uso público para garantir unha mellor protección das partes restrinxidas do espazo natural.

A restauración da lagoa de Cospeito e do humidal que a rodea se enmarca no proxecto Mil Ríos, cun orzamento global de 5 millóns de euros e unha das actuacións máis ambiciosas que levará a cabo a Xunta grazas ao financiamento europeo asignado a Galicia para iniciativas de conservación da biodiversidade.

Cómpre lembrar que a lagoa está integrada nun espazo natural de 37 hectáreas dentro da Zona de especial conservación (ZEC) Parga-Ladra-Támoga, en Rede Natura 2000.

## O PSOE reclama o arranxo da consulta da Feira do Monte e das estradas de Muimenta

Os socialistas de Cospeito manifestaron o seu malestar porque siga sen arranxarse a consulta do soto no centro de saúde de Feira do Monte.

Hai oito meses que fixeron a primeira denuncia sobre esta instalación e indican que "se atopándose nun estado tercermundista con humidades e óxidos, que parece ser que se olvidaron de reparala co resto das estancias e leva así xa tempo, cada vez peor".

Segundo indica a voceira socialista, este tema levouse a pleno

en varias ocasións e malia que o Concello admitiu a situación, "están pasando a pelota da Consellería ao Concello e aínda non se amaño".

Por outra banda, os socialistas tamén lembraron que o estado das estradas e camiños municipais "é lamentable" e que aínda que se arranxaron algúns deles con zaborra para a celebración das feiras de abril no Concello, a situación non mellorou moito e foi un parque que non soluciona o fondo do problema", explicou Rosa Morán.

## A capitalidade recupera en maio as súas festas patronais

A Feira do Monte recuperará este mes de maio as súas festas patronais tralo parón da pandemia. Así, a comisión organizadora convocou as celebracións para a fin de semana do 6 ao 8 de maio.

Aínda que non está todo rematado, xa deron un pequeno avance do programa, no que o apartado musical volve a cobrar protagonismo. Polo tanto, estarán presentes as orquestras Olympus, Cinema e Alabama Show, ademais dos grupos Asubíos da Charia e Mar d'Arousa.

O domingo tamén haberá pasarrúas a cargo do grupo de gaitas local Asubíos da Chaira e a misa maior estará cantada polo Coro Municipal Virxe do Monte.

MEMBER OF  
**Dow Jones**  
Sustainability Indices  
In Collaboration with RobecoSAM

Changing  
Tomorrow  
Now

ya llevamos 14 años  
cambiando hoy el mañana

edp

edp.com





## Comezará este mes no Concello o aglomerado de estradas

O Concello de Abadín continuará co plan de asfaltado de arranxo das estradas e camiños de titularidade municipal. Serán nesta ocasión máis de 700.000 euros os que se investirán para a mellora das estradas de todo o termo municipal, comenzando polas que se atopan en peor estado. A intención do Concello é iniciar as obras xa este mes aproveitando o bo tempo. As obras xa foron adxudicadas e estarán ao cargo de Cholo SL e Hermanos Blanco Trigo. Ademais

desta actuación, o Plan Único da Deputación tamén irá para a mellora da rúa Fanego Rojo que se pretende humanizar.

Por outra banda, o Concello mantén a súa intención e abrir unha rúa detrás da casa consistorial nova que servirá para facer unha ruta que vai dar á futura residencia de maiores que se construíra ao lado do colexio. Este terreo destinarase a zona de espacimento da residencia, aproveitando a carballeira que ten así como

para aparcamento para os usuarios das oficinas municipais.

O proceso está aínda en marcha xa que o Concello espera a confirmación da Deputación da aprobación do Plan Único para escriturar o terreo. Esta compra foi criticada pola oposición que cualificou como "un auténtico despilfarro dos investimentos públicos".

Tamén está pendente a compra dunha motoniveladora con cargo ao fondo de compensación ambiental.



O Concello acondicionou a área recreativa de Moncelos

## Os veciños contarán co servizo Coidados porta a porta en maio

Os días 13, 16 e 18 de maio terán fronte ao colexio de Riotorto unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de

durezas, calos e helomas.

No servizo de audioloxía faise unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas terapéuticas. Os interesados poden pedir cita no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicassocial@xunta.gal.

## Pol acollerá a II Edición do Campus KingTela

Do 2 ao 9 de xullo de 2022, a localidade de Mosteiro, no concello de Pol, acollerá a II Edición de Campus KingTela.

Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades, noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela, así como de Fernán Varela, Adrián Chapela, Roi Vega, Will Pereiro, Nacoho Silva e Nacary Rojas, entre outros.

Ademais haberá fisioterapeuta, seguro e enfermería, e por suposto un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro e viceversa.

O campus conta con dúas moda-

lidades, interno e externo. A interna ten aloxamento, 5 comidas, veladas nocturnas, adestramentos nocturnos e activación matinal e todo por un prezo de 430 euros; e o réxime externo son 3 comidas, a chegada é ás 10.00 horas e a saída ás 19.45 horas por 260 euros.

O campus terá descontos para os que se inscriban antes do 24 de abril, de 50 euros para internos e de 30 para externos.

Haberá agasallos como a equipación completa (camiseta y pantalón) máis cubre. Marca Wibó, un diploma de participación, un póster oficial Campus Kingtela e variados sorteos e moitas máis sorpresas.

## A ITV móbil agrícola

A unidade móbil da ITV estará en Pol entre os días 13 e 18 de maio en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás o venres 13 de maio, día que será só de mañá. Estará situada en Mosteiro, na praza de Galicia. É necesario pedir cita previa no teléfono 902 30 90 00 ou na web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## Récord de participación no Máster de Fútbolín



O fútbolín volveu a Rábade pola porta grande cun novo récord de participación ao acadar as 274 parellas inscritas esta Semana Santa no XXIII Gran Máster Nacional.

Los García, de Valencia, foi a parella gañadora na categoría movemento mentres que os barceloneses Rafa e Dani alzáronse co título en parado e os galegos Calviño e Migui en combinada. En mulleres, o trofeo foi para as galegas Paula e Alba. Outros lugueses con premio foron Pravia e Gemelos, que quedaron

terceiros en parado e Meizoso e Javier cuartos en parado. A parella rabadense Beethoven PRF quedaron quintos.

No cadro de honra tamén destacou Jesús Castro, que recibiu o trofeo ao mellor xogador de Lugo. Ademais, Tomás Vila, de Pontevedra, foi o mellor xogador de Galicia e a coruñesa Paula a mellor na categoría feminina. O resto de trofeos foron todos para xogadores de Zaragoza (mellor peña para 8 Barras), Logroño, Barcelona, Valencia e Mallorca.

## Convocado de novo o concurso de contos das Letras Galegas

O Concello de Rábade convoca un concurso de contos para todos os nenos e maiores adicado ao autor homenaxeado este ano polo Día das Letras Galegas, Florendo Delgado Gurriarán.

Concederanse tres premios para cada unha das catro categorías de participación.

As categorías participantes será a de 6 a 9 anos, de 10 a 12 anos, de 13 a 17 e a partir de 18 anos. Para participar deberán entregar o conto nun sobre no Concello, no IES Río Miño ou no CEIP Otero Pedrayo. O prazo de presentación dos traballos finaliza o día 13 de maio. Os gañadores serán seleccionados por un xurado cualificado e recibirán un diploma e agasallos. Tan só se admitirá un conto por participante. A entrega dos premios terá lugar o luns 30 de maio no Centro Sociocultural.

Este concurso convócase todos os anos no Concello cunha gran aceptación de escritores de todas as idades.





## outeiro de rei

# A Xunta autoriza a obra de mellora da rede de abastecemento

A Xunta autorizou a sinatura dun convenio co Concello de Outeiro de Rei para a execución da segunda fase da mellora da rede de abastecemento municipal, que suporá un investimento de 200.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, executará as obras e contribuirá ao financiamento das actuacións co 80% do orzamento, destinando 160.000 euros. O Concello achegará o 20% restante. A actuación será cofinanciada pola UE a través do fondo comunitario Feader.

O obxecto desta colaboración é executar as obras de ampliación da rede, conectándoa a través dun novo ramal coa zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a A-6.

Na actualidade, o concello de Outeiro de Rei dispón dunha estación de auga potable, ampliada en dúas ocasións cunha capacidade de tratamento 300m<sup>3</sup>/h, e dous depósitos de cabeceira de 1000 m<sup>3</sup> e 2700 m<sup>3</sup> de capacidade que forman de forma solidaria.

A primeira fase, executada no ano 2019 cun investimento de case 500.000 euros, fíxose co obxectivo de ampliar a rede de abastecemento, conectando a rede de distribución que actualmente se alimenta mediante unha tubaxe que vai desde o depósito de cabeceira ata o polígono industrial de Matela coa rede que se abastece da estación de tratamento de auga potable.

As obras consistiron na execución dun ramal principal, cunha lonxitude de algo máis de 3 quilómetros de tubaxe. Na actuación leváronse a cabo dous cruzamentos subterráneos no río Miño e na N-VI que se realizaron mediante perforación dirixida.

A 2ª fase das obras, obxecto do convenio autorizado polo Goberno galego, complementarán esta primeira intervención co obxectivo de reforzar a rede de abastecemento existente, xa que presenta problemas en canto a presións e caudais dispoñibles para abastecer a demanda actual e futura.

Para iso proxéctase a ampliación da rede, mediante a instalación dun ramal en tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, que contará cunha lonxitude total de 620 metros que conectará coa rede existente na zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a autovía A-6.

Para iso proxéctase a ampliación da rede, mediante a instalación dun ramal en tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, que contará cunha lonxitude total de 620 metros que conectará coa rede existente na zona do polígono industrial da Matela, pasando baixo a autovía A-6.

## Denuncia dun derrube patrimonial

Tal e como explica o BNG, no Camiño Real, detrás do Pazo dos Gaioso, no propio centro da vila de Outeiro de Rei existía unha porta que chama a atención pola súa feitura e a súa antigüidade. Agora, despois de moitos séculos, esa porta xa non existe porque foi derrubada e no seu lugar tan só queda unha morea de pedras, algunhas das cales poderían formar parte da porta orixinal.

Esta porta era parte dunha construción que o concello mercou hai uns meses por estar nas inmediacións do lugar onde se ía construír o centro de día, obras que aínda a día de hoxe se están a realizar na propia parcela onde se derrubou a porta.

Para o BNG é fundamental que se paralice calquera actuación que teña que vez con este desfeita, intentado evitar que "desaparezan" ou se de-



terioresn aínda máis as pezas desta porta, e é por iso que acabamos de dirixir respectivos escritos á Dirección Xeral de Patrimonio e ao propio concello onde se solicita ademais da paralización das actuacións, que os restos sexan estudados por persoal cualificado para ver as posibilidades existentes e que se leve a cabo unha

investigación que depure as responsabilidades que sexan oportunas. Tamén demandan que se leve a cabo unha inmediata avaliación e recoñecemento por persoal cualificado, resgardando todas e cada unha das pezas e compoñentes deste ben patrimonial, cavilando nunha posterior rehabilitación.

## Abre a inscrición para os campamentos

Abriu un ano máis o prazo de preinscrición para os campamentos urbanos que se realizaron do 4 ao 8 de xullo dirixidos a nenos e nenas de 4 a 7 anos e do 11 ao 15 de xullo para os que teñen entre 8 e 12 anos.

Por ser limitado o número de prazas (25 por campamento) estas cubriranse por rigorosa orde de inscrición; terán preferencia os empadroados no concello e os alumnos do CEIP Laverde Ruíz con respecto aos de fóra. O horario de atención será de 9.30 a 14.00 horas para os máis pequenos e de 10.00

a 20.000 para os maiores.

O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 31 de maio ou ata cubrir prazas. A cota a pagar para participar nesta iniciativa é de 40 euros sen comida e de 45 con comida que deberán aboarse no momento de facer a reserva e sempre antes de rematar o prazo de inscrición.

Nos campamentos realizarán actividades como obradoiros, día de praia, xogos de equipo, irán a Cerceda ao parque acuático, etc. Poden reservarse as prazas na Casa da Cultura de 10:00 h a 14:30 h ou

chamando ao 982 393 408.

**MULTIAVENTURA.** O Concello abriu ata o 30 de maio o prazo de inscrición para o campamento multiaventura en Viveiño que se realizará do 22 ao 24 de xuño para os rapaces de 1º a 4º da ESO.

Nesta actividade está prevista a visita ao parque acuático de Cerceda e a practica de varias actividades como surf, tirolesa etc.

O custo de participación é de 70 € que inclúe a hospedaxe e a comida, cota que deberá aboarse no momento de facer a reserva.



**JRoca**  
INMOBILIARIA



**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<p><b>Santa Cristina, Cospeito</b> Casa rural   2 Dorm   1 Baño   60m<sup>2</sup>   20.000€ La casa esta dividida pero sin acabar. Dispone de pozo y tiene un poste de luz al lado de la casa.</p>
<p><b>Zona matadero, Vilalba</b> Terreno edificable   2.544m<sup>2</sup>   65.000€ Se vende parcela edificable de 2.544 metros cuadrados, en la que se pueden edificar dos viviendas unifamiliares.</p>
<p><b>Basanta Silva 58, Vilalba</b> Local   125m<sup>2</sup>   80.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafeteria-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.</p>
<p><b>Plaza de San Juan 5, Vilalba</b> Casa / Chalet adosado   6 Dorm   1 Baño   339m<sup>2</sup>   65.000€ En Vilalba (Lugo), plaza de San Juan, se vende edificio bastante céntrico, que da a dos calles. Se trata de un edificio a reformar, que tiene bajo y tres plantas.</p>
<p><b>Placido Peña s/n, Vilalba</b> Local   500m<sup>2</sup>   400.000€ En la calle Placido Peña de Vilalba (Lugo), ofrecemos un local de 500 metros, con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado; pero a mayores el solar es edificable, bajo, 5 plantas más ático.</p>
<p><b>Vilar do Castelo 7, Xermade</b> Casa rural   2 Dorm   0 Baño   184m<sup>2</sup>   27.000€ En la localidad de Cazás, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.</p>
<p><b>Chao Ledo 1, Vilalba</b> Local   180m<sup>2</sup>   110.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende entreplanta muy céntrica, esta dividido en varias dependencias; pero es fácil su remodelación si el negocio que se quiere montar precisa otra distribución. El local dispone calefacción de gas ciudad. El acceso al local se hace a través de una escalera; pero hay espacio suficiente para un elevador si fuese preciso.</p>
<p><b>Avenida de Galicia, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   2 Baños   100m<sup>2</sup>   29.000€ En Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de tres habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y dos terrazas. La vivienda tiene a mayores y como anejo un desván. Dispone de calefacción de gasoil. Esta situado muy cerca de la zona escolar y a un paso del centro.</p>
<p><b>Calle Foz s/n, Vilalba</b> Terreno / Urbano (solar)   297m<sup>2</sup>   30.000€ Se trata de un solar en el que se puede edificar: Bajo, 3 plantas y ático.</p>
<p><b>Herrería 25, Vilalba</b> Casa / Chalet adosado   3 Dorm   1 Baño   153m<sup>2</sup>   55.000€ Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.</p>
<p><b>Avenida Terra Cha, Vilalba</b> Ático   2 Dorm   1 Baño   55m<sup>2</sup>   65.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso compuesto por dos habitaciones, cocina-salón y un baño. Dispone de garaje, ascensor y trastero.</p>
<p><b>Betanzos 5, Abadín</b> Casa / Chalet adosado   2 Dorm   1 Baño   144m<sup>2</sup>   30.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros</p>

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles**  
**Comunidades - Penal**  
**Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)**  
**Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)**  
**Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720**  
[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)



## Margarita Ledo conta cunha placa no IES Pedregal de Irimia

Margarita Ledo, cineasta, profesora e periodista, descubriu no IES Pedregal de Irimia de Meira unha placa que dá nome á aula de audiovisuais na súa honra.

Esta veciña de Castro de Rei visitou o centro e participou con rapaces nunha charla o día no que se inaugurou esta aula.

No centro contan cun proxecto para traballar a igualdade de xénero a executar en varios cursos. Trátase de bautizar distintos espazos do centro con nomes de mulleres relevantes na súa vida laboral ou persoal. Mulleres que abriron camiños, que son ou foron referentes, que racharon es-



tereotipos... Mulleres que deixan semente de vencer no noso alumnado.

Este proxecto comeza coa aula de audiovisuais; dende agora Aula de audiovisuais Margarita Ledo.

## O PSOE de Meira renova a directiva cun novo membro



Trala asemblea da agrupación municipal do PsdG-PSOE de Meira elixiuse a nova executiva local.

Nesta asemblea, Antonio de Dios, alcalde da localidade, foi elixido como secretario xeral. Do mesmo xeito, foron escollidos tamén outros tres membros da executiva.

Secretario de organización quedou nomeado Agustín Méndez, tenente de alcalde e concelleiro de Cultura en Meira. Manuel Cuesta é o responsable de política municipal e Patricia Vidal faise cargo da área de Igualdade, que vén de ser incorporada.

## A Xunta licita o proxecto de ampliación do polígono meirense

A Xunta licitará proximamente a redacción do proxecto de ampliación do polígono industrial de Meira coa intención de iniciar este mesmo ano as obras, para as que existe unha partida orzamentaria de 515.000 euros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinará 39.800 euros á licitación do proxecto. Nesta nova fase de urbanización e electrificación do parque empresarial actuarase sobre unha superficie total de 23.900 m<sup>2</sup>, dos que 15.000 serán superficie industrial e o resto zona verde e vías de comunicación. Está previsto sumar tres parcelas cunha superficie mínima de 5.000 metros cadrados, que é a dimensión que se establece para esta zona do parque.

Actualmente o polígono ocupa unha



extensión de preto de 66.000 m<sup>2</sup> e conta con 35 parcelas, todas elas vendidas. Debido á demanda que existe de solo industrial na zona, a Administración autonómica levou a cabo os trámites necesarios para conseguir os terreos necesarios para a ampliación mediante compraven-

da e expropiación.

O obxectivo da Xunta é "favorecer a implantación de empresas ofrecendo solo industrial a prezos competitivos e con todos os servizos e infraestruturas que precisen, de modo que poidan traballar e medrar dende calquera comarca da provincia".

## Ermitas Rodríguez, presidenta da asociación Avelino Díaz

A Asociación Cultural Avelino Díaz rematou co seu proceso asambleario para a renovación da súa directiva que vén de facer público nomeando a Ermitas Rodríguez Gómez, do colectivo M de Meira, como presidenta. Xunto a ela estará como vicepresidenta Azucena Gavín Reigada, Isabel Pin Díaz como secretaria e Eloi Treigas Foxaca, de Arrincadeira, de tesoureiro.

Completan a directiva 14 vogais: Rosa Bello e Amalia Jartín das mu-

lleres Rurais de Meira; Federico Cachafeiro; Luz Iglesias e Antonia Ónega Cortón do CEIP Avelino Díaz; Yoani Jartín e Agustín Méndez do Concello de Meira; José Luis Lorido do de Riotorto; Mario Outeiro do IES Pedregal de Irimia; Nieve Pérez e Araceli Pillado da asociación de veciños Fomiñá; Teresa Rielo da confraría Nosa Señora do Pedregal; Carlos VEiga da asociación de veciños da Órrea, e Paco Veiga, da AGXPT.

## Recupérase a ruta de Miño-Eo, con almuerzo incluído, que se fará o día 8

O Concello celebrará o domingo 8 de maio a Ruta de Sendeirismo Miño-Eo, que terá lugar cun percorrido de 20 quilómetros de dificultade media-alta e inclúe de novo o almuerzo, unha incorporación de última hora na programación.

Esta dará como ás 8.30 horas coa saída diante da igrexa. Pararase en Espido, tras percorrer nove quilómetros, onde se fará o almuerzo. O final da ruta estará no Estreito, sobre as 14.00 horas, cando se fará o xantar.

A organización decidiu entregar unha cantimplora a cada participante ao comezo da ruta co obxectivo de xerar menos residuos e menos plásticos. Ademais, recomendan o uso de chaleco reflectante.

Cun prezo de 15 euros, o prazo de inscrición remata o 1 de maio e ten que facerse na Oficina de Turismo, no Concello ou nos teléfonos 618 679 632 ou 982 330 102. Tamén pode usarse a vía electrónico no correo turismo@concello-demeira.com.

## Os independentes intégranse no PP

Os independentes que, nas pasadas municipais, concorreron ás urnas baixo as siglas de Galicia Sempre, pasan a integrarse na agrupación local do Partido Popular. Trátase "dunha noticia moi positiva", segundo explica a presidenta provincial, Elena Candia, logo dunha xuntanza mantida cos integrantes desa formación. O paso dado polo concelleiro de Galicia Sempre, Enrique Castro, será a todos os efectos; é dicir, a integración será a nivel institucional en can-

to a que pasará a formar parte do Grupo Municipal do PP. O proceso tamén inclúe a afiliación á formación popular.

Deste xeito, Candia dá a benvinda a Enrique Castro, destacando que "seguímos ensanchando o Partido e recuperando persoas que, no seu día, xa formaban parte da familia do PP". É que esta integración, apunta a dirixente, contribuirá a que o vindeiro ano "Meira recupere a sensatez que lle deu os gobernos do PP".

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

**Reparaciones Carlos, S. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpnelas@bosch-bcs.com

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

**SERVICIOS AGROFORESTALES**

**SEOANE**



meira



## Unha delegación de Moaña visita Meira no plan de irmandamento

A localidade de Meira acolleu a visita dunha comitiva de Moaña, presidida pola súa alcaldesa, Leticia Santos, co fin de avanzar no programa para realizar o irmandamento entre as dúas localidades homónimas.

Na Meira luguesa a comitiva foi recibida polo alcalde en funcións, Aguntín Méndez; a técnica de turismo, tres edís e o párroco.

Foi esta a primeira reunión para traballar no proceso de irmandamento entre as dúas localidades do norte e o sur de Galicia. O obxectivo foi a posta en común das actividades que se poden realizar en cada vila dentro da cultura, o turismo e o deporte.

Tamén perfilaron intercambios, que teñen previsto promover e impulsar, en especial entre as bandas de música ou os grupos de baile, e fomentar a artesanía, a festa da malla e a organización de visitas guiadas ao mosteiro e aos molinos con venda. Tamén pretenden fomentar as rutas polos ríos, xornadas de xogos populares, campamentos de verán e rutas de senderismo.

O primeiro contacto entre as dúas vilas foi cando o alcalde da Meira luguesa, Antonio de Dios, foi invitado a participar nas festas de Moaña de 2018. Ao ano seguinte unha delegación devolveu a visita e comezou o proceso para celebrar este irmandamento.

muras

## A Romaxe Artesá da Chaira recupera un completo programa

O Concello de Muras ten previsto celebrar o sábado, día 28 de maio, a sexta edición da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A romaxe arrancará ás 11.00 horas coas demostracións de artesanos como prato forte da xornada, demostracións que se farán pola mañá, principalmente. Ademais, como en edicións anteriores, haberá talleres para nenos e tamén para adultos.

Non faltará na cita o apartado musical, que estará ao cargo de Xisco Feijóo pola noite pero tamén haberá sesión vermú, a cargo da Charanga Mecánica. Pola tarde os nenos estarán de noraboa coa actuación de Uxía Lambona e xa para todas as idades destaca a actuación de Buxos Verdes.

Pero non só haberá música, tamén está prevista a actuación dos títeres Monifates, dirixido a público infantil e haberá xogos tradicionais durante toda a xornada, un regreso moi es-



perado tras dous anos sen actividade. Para que os visitantes se animen a pasar o día, tamén haberá polbo e varias food trucks con diversas variedades de comidas.

O Concello decidiu optar por esta celebración unha vez que a situación do virus está controlada e tralo éxito acadado o ano pasado, cando si se celebrou esta cita aínda que non máis restricións debido ás limitacións sanitarias.

O Concello aínda está rematando a programación, que seguro que contará con algunha sorpresa máis unha vez que se definan os horarios nos que se realizarán estas actuacións.

Esta singular celebración naceu no ano 2016 pola colaboración entre a Asociación de Artesáns da Terra Chá e o Concello de Muras co obxectivo de "axudar a manter vivos os nosos oficios achegándoos a quen valora o feito a man e o legado de séculos que atesoura".

Se a primeira edición foi un éxito, non faltou este nas seguintes edicións nas que pequenos e grandes atopan un oco para desfrutar da xornada con múltiples actividades.

"É un escaparate aberto para aprender a valorar a beleza dos oficios, con demostracións en vivo dos artesáns chairegos de cómo se traballan tecidos e granito, madeiras, metais, barro e vimbios. Obradoiros sobre cocíña e artesanía e charlas sobre emprendemento sostible chaman a atención de moitos e moitas para ouvir de primeira man experiencias que funcionan", din no Concello.

Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



# “Queremos facer un museo da tornería na reitoral de Xermade”

O socialista Roberto García é o alcalde de Xermade e deputado provincial

Roberto García Pernas, concelleiro polo PSOE desde o ano 2007, accedeu ao cargo de alcalde por vez primeira no 2015. Natural da parroquia de Lousada (1965), é titulado en FP Forestal-Ambiental, e funcionario da Xunta na Consellería de Medio Ambiente na zona de Ferrol. Está casado e é pai de dous fillos. Agora combina tamén o seu labor de alcalde co de deputado.

## Pode facernos un balance do ano pasado para o Concello?

Balance é positivo exceptuando o tema da pandemia, que nos tivo a todos castigados e preocupados pola saúde dos veciños. Como en todos os concellos, son moitas as actuacións que se realizan ao cabo dun ano, en especial cando as xuntamos, temos elaborado un resumo de todas as actuacións realizadas, entre as que figuran como máis relevantes, os arranxos en moitas estradas. Destacamos que xa temos a depuradora de Cabreiros realizada, aínda que faltan un par de detalles. Por parte da Xunta subliñamos unha actuación importante como foi a estrada de Cabreiros a Xermade, e tamén outra vía de relevancia, a de Momán ás Pontes, na que se fixo outro tramo con cargo á Deputación. Sumamos tamén a adquisición da reitoral de Xermade, e a de Roupar tamén está comprada, pero estamos pendentes de formalizar porque hai un papeleo pendente. O ano pasado adquirimos un todoterreo co Fondo de Compensación Ambiental, e tamén compramos coa axuda da Deputación un coche de bombeiros para incendios forestais e recibimos unha coitela quitaneves para Protección Civil.

## Que está previsto realizar este ano?

Este ano dentro do Plan Único temos previsto facer un depósito de incendios en Xermade, para evitar incendios forestais e para o uso das granxas e ademais temos previstas actuacións en bastantes quilómetros de estradas con dobre rego que están en regular estado. Aparte, temos en marcha un convenio coa Confederación para facer unha depuradora nova en Momán. Vanse facer tamén nalgunha zona algún aglomerado cos remanentes de tesourería, que serán máis ou menos 4 quilómetros de aglomerado, vanse arranxar pistas forestais botando zahorra por todo o Concello. Así mesmo, temos pensado facer de novo o asfaltado en Lousada e en Burgás dende a escola ata as

granxas da Lagoa.

## E curto prazo que proxectos hai previstos?

Un dos proxectos que queremos darlle para adiante é á reitoral de Xermade, facer un museo da tornería, e na parte alta da planta unha sala multiusos para reunións porque o salón da biblioteca é pequeno. Hai que rehabilitada por dentro, temos unha subvención pedida á Xunta para isto pero de non ter esa axuda destinaríamos cartos do Plan Único do ano seguinte a esta función. Depois temos a reitoral de Roupar que é un proxecto da Universidade e a Deputación de Lugo para facer vivendas tuteladas e un centro da veciñanza. Agora en fase de solicitude temos varios proxectos, como a reparación de estrada en Rebuxentos, a mellora da Casa do Médico, a sinalización e mellora de pavimento na ruta de sendeirismo do Batán de Folgoso ou a mellora dos camiños de Sanche, Piñeiro e Framil. Tamén temos previstas varias actuacións no tema medioambiental, como a adquisición dunha desbrozadora e dun cortacésped. Tamén estamos pendentes da implantación dun punto limpo móbil xunto co concello de Guitiriz, ademais de varias actuacións na zona reserva da biosfera, como a creación dun aparcadoiro de autocaravanas na contorna da área recreativa de Cabreiros e actuacións de embelecemento da zona de baño nesa mesma área recreativa ou a mellora da senda verde dende as Toxeiras ata a Pigaroa. No apartado cultural esperamos acometer a mellora do equipamento da biblioteca municipal.

## Cales son as necesidades máis urgentes do Concello?

A máis urxente dende o noso punto de vista é un centro de día, residencia ou unhas vivendas tuteladas para os nosos maiores. Non temos nada diso e vémonos con 600 persoas de máis de 65 anos dun total de 1.700 veciños, o que nos deixa unha poboación moi envellecida. Logo, xa dependendo da Xunta temos urxencia de que rematen a estrada que vai de Xermade a Momán, e tamén a de Momán ás Pontes, que está previsto que remate este ano por parte da Deputación.

## Como describiría o seu Concello?

Xermade é un Concello rural, vive fundamente da gandería e do forestal cunha poboación envellecida. De feito, no tema forestal

temos algún que outro problema coas empresas madeiras que cortan e que no inverno, esas máquinas grandes e con tanto peso destrozan camiños, en especial coas chuvias. Temos unha ordenanza sobre isto, pero, non sempre se cumpre.

## E un desexo para este ano?

O desexo é que se pare a guerra, que se acabe a pandemia e que a economía se recupere. Tamén que veña poboación a vivir a Xermade. Temos un proxecto en marcha nesa liña, que se chama Habitat rural, dunha ONG de Coruña, que van a vir uns meses a dar uns cursos, para ver se a xente se anima a alquilar e a comprar.

## Como levou Xermade a situación da pandemia?

En liñas xerais bastante ben, dende o Concello estivemos pendentes de levar alimentos e medicamentos aos veciños, tiñamos aos de Protección Civil e ao personal do Concello pendentes de calquera chamada pero en xeral, non houbo moitos contaxios, a xente respectou as normas, foi prudente. Eso si, paralizouse todo, festas, comidas, reunións, todas as actividades do Concello... pero o resto, temas de obras demais seguiu de forma normal.

## No relativo ao desenvolvemento industrial, que tedes previsto?

A intención nosa é que veñan empresas para crear postos de traballo e darlle vida. Hai bastantes parcelas no polígono industrial sen construír e no momento que haxa empresas interesadas intentaremos colaborar no que sexa posible dentro das nosas limitacións.

## Hai dúas citas culturais obrigadas en Xermade. Que previsións hai para elas?

A dos torneos está previsto para a terceira fin de semana de setembro seguindo a mesma liña que o ano pasado e o Premio Xermade na Historia xa rematou o prazo o 29 de abril e logo haberá que escoller o gañador. Volvendo ao encontro de Torneos, o ano pasado pedimos que o declararan de interese turístico de Galicia e aínda non temos un conclusión por parte da Xunta, onde o solicitamos. Todo o que poidamos potencialo é importante xa que é un dos mellores de España, senón o mellor, participa xente da mellor que hai de España e de fóra. Este ano de feito está previsto traer xente de fóra. No ano 2020 dada a situación de pandemia e non ser aconsellable a celebración



presencial potenciouse a páxina web co obxecto de celebrar de forma virtual o XX Encontro. Tivo lugar unha gran acollida por parte dos participantes habituais, alcanzándose unha participación moi alta, 70 inscritos participando con fotografías de máis de 600 pezas pero xa volvimos a te lapresencial. O oficio de torneiro artesán da madeira estaba a piques de desaparecer cando se inician os Encontros en Xermade. Nos primeiros Encontros apenas había representación de torneiros de Xermade nin de concellos da contorna. Pola contra, na edición do 2021, de 58 participantes, 23 son de Galicia e deles 9 son de Xermade ou da contorna. Nos últimos 5 anos foi notable o incremento de visitantes, aínda que non están cuantificados de forma exacta, duplicándose dende 2014.

## Tamén se creou a Aula Mentor. En que consiste?

A Aula Mentor é un programa de formación on line, flexible e con tutorización personalizada, dirixido a persoas adultas maiores de 18 anos cun extenso catálogo de cursos cos que ampliar as súas competencias persoais e profesionais que lles permitan reforzar as posibilidades de empregabilidade. Está instalada nas dependencias da Biblioteca Municipal e cremos que é un gran apoio para a poboación.

**Dase importancia ao tema cultural no Concello.** Certamente, temos moita actividade, así, a biblioteca realiza actividades de fomento da lectura cons-

tantemente, tamén temos varios concursos como o de fotografía facemos andainas e conmemoramos as datas principais, como o nadal, o entroido, o Día da Muller, etc. Tamén colaboramos con todas as iniciativas que podemos como A Invernada de Cine, as Xornadas Rurais, etc, en esquecer as propias para os nenos como os campamentos de verán.

## Xermade, como moitos outros concellos, ten problema coa asistencia sanitaria.

Si, a situación é mala e hai moito enfado da veciñanza porque algún día non vén o médico e outro día vén tarde ou marcha antes. Temos claro que un médico para 1.700 persoas só non é suficiente. Cando se produce unha urxencia ou ten que acudir a un domicilio, o centro de saúde queda desatendido. Tampouco axuda moito andar cambiando de mérito todos os días, retrásase o funcionamento da atención sanitaria. Aquí recolléronse firmas, pero nada. Tamén falan de que vai vir un médico. Sabemos o de Vilalba, que se reforza o servizo, pero nós queremos que nos atendan aquí, porque logo vas ao PAC de Vilalba e póñenche pe-gas.

## E os servizos bancarios?

Tiñamos Abanca en Roupar pero pasou de estar 5 días a dous días cun caixeiro, é insuficiente porque os días que van, non dan atendido, fórmanse colas e que ademais vén a xente de Muras e a cobertura é escasa.



## xermade

## Investimento en melloras para o CEIP

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade executará obras de mellora no colexio de educación Infantil e primaria (CEIP) de Xermade nas que investirá 267.500 euros. O proxecto incide na mellora da eficiencia enerxética e da accesibilidade. Contempla a substitución das ventás do edificio principal, que alberga as aulas; e dúas fiestras dun baño do comedor, situado nun inmoble secundario. Instalaranse novas carpinterías de aluminio con sistema de apertura oscilobatente, dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e con cámara de aire intermedia. Tamén está previsto reparar a fachada do patio interior da construción principal, incluída a reno-



vación de canlóns e baixantes das augas pluviais. Instalarase ademais unha pérgola de conexión entre os dous edificios do CEIP para protexer das inclemencias meteorolóxicas e reformaranse os baños do comedor.+

Arias sinalou que unha vez que se inicien as obras o prazo de execución estimado será de dous meses e medio. En calquera caso, destacou que se planificarán de xeito que non incidan no normal desenvolvemento da actividade escolar.

### EN BREVE

**ROUPAR.** A Asociación de Veciños de Roupar organiza unha excursión a Fonsagrada e Negueira de Muíiz. A ruta inclúe unha visita a unha adega den Negueira de Muíiz, o museo comarcal da Fonsagrada e á fevenza de Vilagocende. Será o 24 de maio con saída prevista ás 9.00 horas fronte á Escola Habenera de Roupar.

**PEREGRINAXE.** O Concello continúa coa ruta a pé desde Xermade ata Santiago de Compostela en distintas etapas. A terceira, de Sobrado a Arzúa terá lugar o día 7 de maio. A saída será todos os sábados ás 8.00 diante do Concello. Haberá autobús gratuíto desde Xermade ata o comezo da etapa, así como de regreso ao remate de cada xornada. As inscricións están xa en marcha no 982 50 10 02 (ata dous días antes do comezo de cada etapa), que terán un aforo limitado.

**LETRAS GALEGAS.** A Biblioteca vén de convocar a fase local do certame de narración e debuxo infantil con motivo das Letras Galegas 2022 e vai dirixido a nenas e nenos de 0 a 16 anos. O prazo de presentación dos traballos rematará o 10 de maio.

## O Pleno aproba modificacións de crédito para obras en vías

O Pleno aprobou dúas modificacións de crédito financiadas con remanente líquido de tesourería procedente da liquidación do exercicio 2021. En total, investirase 455.251,53 euros en 4 proxectos de reparación de vías municipais.

O primeiro refírese á reparación de estradas en A Ermida, O Chao, Lousada, Badoi e A Silva (167.668,19 euros); o segundo ás de A Criba, Cabreiros, Candamil e O Aruxo (182.991,64); a terceira a pistas forestais da zona norte (41.713,07), e o cuarto ás da zona sur (44.490,13 euros). O custe das obras ascende a 441.263,29 euros, e os 13.998,24 euros restantes van para a redacción dos proxectos e dirección das obras.

Por outra banda, adícanse 50.000 euros á adquisición da reitoral de Roupar, compravenda que non puido formalizarse no ano 2021.

Tamén se adican 15.000 euros a financiar un convenio coa Universidade da Coruña para a redacción

do proxecto básico e de execución da Casa da Veciñanza de Roupar e a documentación esixida polo Instituto de Transición Xusta para solicitar as axudas que se van convocar a finais de maio; así como para a rehabilitación de reitoral de Xermade, adquirida en novembro.

Por último, prevese unha partida de 3.000 euros para adquirir a parcela na que se ubicará a depuradora do Campo da Feira, en Momán, que se executará neste 2022 con cargo á Confederación.

Nesta sesión ordinaria tamén se aprobou unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, de cara á xestión de fondos europeos, que esixe dispoñer dun Plan de medidas antifraude.

Deuse conta tamén ao Pleno da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021, que se saldou cun resultado orzamentario axustado de 235.217,53 euros e un remanente líquido de tesouraría para gastos de 961.005,07 euros.

## begonte

## A vila terá o 21 de maio a Festa da Xuventude

O Concello de Begonte celebrará o día 21 de maio a Festa da Xuventude, unha celebración na que se busca ofrecer unha alternativa de ocio á xente moza do Concello.

A festa, que terá lugar en sábado na praza do Concello, contará con

varias actuacións orientadas á música dos máis novos.

Para colaborar na organización compre contactar co Concello de Begonte ou chamar ao teléfono 619 455 026 ou tamén por correo electrónico a [cultura@concello-debegonte.es](mailto:cultura@concello-debegonte.es).

## Organizaron un taller de exercicio para a terceira idade

O Concello de Begonte, en colaboración coa Escola Galega de Saúde organizan o próximo 9 de maio un curso gratuíto dirixido a pacientes, familiares, cuidadores/as de persoas dependentes e cidadanía en xeral sobre exercicio e ocio saudable na terceira idade.

O obxectivo do mesmo é desenvolver actividades físicas que atrasen o envellecemento e a perda de masa corporal favorecendo a prevención de enfermidades; coñecer a importancia do estilo de vida (ocio) no benestar persoal e mantemento do contacto directo da persoa co entorno, e conseguir un descanso/sono satisfactorio que lle permita realizar as actividades da vida diaria sin que supoña esforzo e con un es-



tado de tranquilidade.

O curso será impartido polo docente Enrique del Arco Herrero, Licenciado en Farmacia e Técnico en Prevención de Riscos, en horario de 16.30 a 19.00 horas. As inscricións estarán abertas ata o 6 de maio e o número de prazas está limitado.

## Recollida de plásticos de silos o 26

O Concello de Begonte acometerá o 5 de maio a recollida de plásticos de silos. Ao non ser domiciliaria, os veciños terán que depositar estes verquidos nos puntos de recollida habituais. Terán que estar antes desamisma data.

Os puntos de recollida serán na roza Alta no monte de Felmi, campo da festa de Trobo, explanada da ponte da autovía na pista de Carral, campo xunto da igrexa de Viris, campo

xunto ao centro social Emprestamo, aparcamento campo de fútbol de Pacios, Santalla de Pena-Curetela no cruce de Toimil coa estrada da Deputación e no Alto da Cruz na parroquia de Bóveda.

Os interesados deberán chamar ós teléfonos do Concello de Begonte 982 39 61 43 ou 982 39 60 09.

Os plásticos deberán ir limpos de terra (só plásticos de silo, non se aceptarán nin cordóns nin garrafas).

# A Lareira

Taberna Galega  
Restaurante




Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842

## TAHONA GURRÁS




Gestas  
almorzo

Un detalle ideal para  
calquer tipo de celebración

620417888



## Rematan as obras da balsa agrícola de Vián



O Concello da Pastoriza rematou as obras de construción dunha balsa contraincendios e servizos gandeiros na parroquia de Vián. Trátase dunha obra moi esperada e demandada pola veciñanza que conta con 23.400 euros de orzamento a cargo do Plan Único da Deputación. Esta infraestrutura súmase ás de Miñotelo (Aguarda) e Bretoña, que foron construídas o ano pasado.

Trátase dunha balsa de grandes proporcións que ten a dobre finalidade de utilizarse como depósito de auga para o servizo de protección contra incendios e tamén para usos gandeiros, xa que se pode utilizar para alimentar ao gando nos tempos de seca.

Así mesmo, o persoal municipal encargouse tamén do arranxo da pista de acceso a esta balsa.

## Abre o prazo para solicitar as axudas para as festas patronais

O Concello da Pastoriza anunciou que ofrecerá de novo as axudas habituais ás asociacións veciñais e diferentes colectivos para a celebración das festas patronais.

Esta medida anunciouse debido á orde de retomar as actividades por parte dos diferentes organismos trala suspensión das mesmas durante a pandemia de covid durante dous anos.

Así, a través dun bando anunciou-

se que xa se poden solicitar ditas axudas para que os organizadores poderán cursar a debida solicitude aportando tamén o cartel das festas, unha memoria explicativa dos actos previstos indicando orzamento, orquestras, grupos musicais, actividades a realizar e número de público asistente previsto.

Ademais pídesse un certificado de estar ao día cos pagos e outro do número de conta.



**FESTA EN BRETOÑA.** Centos de persoas participaron na XI Festa da Bola de Liscos e Freces de Bretoña, que se celebrou o domingo 24 de abril no concello da Pastoriza, tras tres anos de ausencia. Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que organiza unha remodelada Asociación de Amigos da Feira de Bretoña. Nesta edición que vén de terminar repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desbordaron as previsións.



Visita de Javier Arias a unha das vivendas da localidade

## Supervisan as vivendas de alugueiro social

A Xunta de Galicia chegou nos tres últimos anos 950.600 euros a 11 concellos lucenses para a rehabilitación de 26 inmobles de titularidade municipal, a maioría antigas casas de mestres, para destinalos a alugueiro social coas características das vivendas de promoción pública.

O delegado territorial, Javier Arias, visitou A Pastoriza para comprobar algunhas das obras realizadas neste período así como os inmobles que se recuperarán proximamente. Ao respecto, lembrou que está aberta unha nova edición destas axudas, que son de concorrencia non competitiva e contan cun orzamento de 630.000 euros para a anualidade 2022 e 1.470.000 euros para a anualidade 2023. O prazo de solicitudes remata o 1 de xuño polo que os concellos interesados aínda poden optar

a estas subvencións.

No marco desta nova convocatoria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de aprobar xa a concesión de 77.600 euros ao concello da Pastoriza para rehabilitar dúas vivendas no lugar da Grandela, en Reigosa. Ademais, no ano 2020 sumáronse cinco vivendas para alugueiro no municipio tras a reforma das antigas escolas unitarias de Bretoña, Crecente e Álvare, cun investimento da Xunta de 184.000 euros.

Arias explicou que o obxectivo da Consellería é facilitar aos concellos a creación dun parque público municipal de vivenda en alugueiro para rendas baixas. Estes incentivos están dirixidos aos concellos con menos de 20.000 habitantes e poden acadar ata o 90% do orzamento protexido das obras.

## Asapa equipa o local social e organiza unha excursión

A Asociación de Empresarios da Pastoriza (Asapa) informou da nova doazón recibida para o seu local e que consiste nunha neveira e un altavoz con micrófono, gracias a un acordo con Marcos Alvite Coroa, de Autoservicio Meira.

Así, o local social xa dispón de neveira e un altavoz con micro para dar servizo e poder retomar as comidas sociais.

En anteriores ocasións recibiron outra doazón dunha caldeira de pellets grazas a un acordo con BigMat Huertas de Pousada, unha parroquia deste Concello.

O local social carecía de calefacción, “e dadas as condicións climatolóxicas desta zona, creíamos que era o primeiro paso a dar para un mellor confort para as xuntanzas”, explica o presidente do colectivo, Marcos García Lombardero.

“Queremos dar as grazas a directiva do monte veciñal e os veciños pola confianza depositada en nós

para levar a xestión do local, e dar as grazas tamen a Marcos Alvite, que o fixo posible”, conclúe o presidente de Asapa.

**EXCURSIÓN.** A Asociación de Empresarios da Pastoriza comunicou que teñen preparada unha excursión ao corazón da Ribeira Sacra para o 20 de maio.

Así, os participantes visitarán a Granxa Gayoso Casro, a igrexa de San Pedro de Bembibre, a área recreativa Ponte Mourelle, o casco histórico de Chantada e a igrexa de Nogueira do Miño. Para rematar a xornada despois de tanto visita, os asistentes poderán desfrutar dunha visita a unha adegas.

A saída desta excursión será ás 9.15 horas dende a praza do Concello da Pastoriza e informan que hai un número de prazas acotado a 25.

A data límite para anotarse é o 12 de maio e pode facer chamando aos teléfonos 630 363 566 ou 625 065 197.

## A vila acollerá unha proba do Campionato Galego de Andadura

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, un convenio de colaboración para a celebración dunha das seis probas do Campionato Galego de Andadura. A institución provincial achegará preto de 2.600 euros para a posta en marcha desta proba deportiva que puntuará para o campionato galego.

A Pastoriza acollerá aos participantes neste concurso autonómico e amantes da hípica o 4 de xuño. A andadura é unha modalidade de hípica tradicional na que o cabalo se despraza movendo o pé e a man dun lado e outro á vez xerando un movemento moi estable.

Tomé enmarcou esta colaboración no compromiso da institución polo sector primario e por actividades que dinamicen o rural como obxectivo prioritario, xa que ten un importante impacto social na provincia.

Ademais desta colaboración, o Concello da Pastoriza conta cunha achega da Deputación de Lugo de 327.219,01€ a través do Plan Único deste ano 2022 para desenvolver distintas actuacións para manter e aumentar os servizos e infraestruturas e crear emprego, entre outras.

## Os Coidados porta a porta chegarán a mediados de maio

O Concello da Pastoriza en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia informa que nos días 19, 20, 23 e 24 de maio terán na praza do Concello unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unah banda, un servizo de podoloxía. Faíse unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

No servizo de audioloxía faíse unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas desde unha perspectiva terapéutica de como previr e aminorar un deterioro, en caso de habelo.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal.



## A Pastoriza solicita as axudas para a construción do centro de día

O Concello da Pastoriza continúa adiante co seu proxecto de construción dun centro de día no termo municipal no que podan atenderse unha media de 40 persoas e que ten un orzamento de 750.000 euros.

Tras varias conversas negociacións, deu o seguinte paso, que consistiu na formación dunha solicitude á Xunta de Galicia para unha subvención que permita sufragar boa parte deste importante proxecto, moi necesario para o municipio, tal e como asegurou o voceiro do equipo de Goberno, Constantino Fernández Leira.

Xa presentaron a documentación necesaria para optar a unha liña de axudas específica destinada á construción ou mellora de residencias de persoas maiores e centros de día ofertada por un acordo entre a Fegamp, a Xunta de Galicia e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O Concello conta xa cos terreos para a futura edificación, trátase dunha parcela comprada para este fin en 2008 e que ten unha extensión de 5.600 metros cadrados. Foi aprobado por unanimidade en ple-



*O centro de día construírse na traseira da casa consistorial*

no o concurso para buscar un terreo. Está localizado e pleno centro urbano, na parte posterior da casa do concello e nas inmediacións do Punto de Atención á Infancia ( PAI). Tanto dende o Concello como dende varios colectivos deixaron clara a necesidade de ter este servizo, xa que A Pastoriza conta cun elevado número de poboación envellecida. Están censando algo máis de 2.900 habitantes, dos cales, máis de 1.000 superan os 65 anos de idade, o que supón máis do 30%.



## Remata a obra de mellora do parque infantil de Bretoña



Remataron na Pastoriza as obras de remodelación integral do parque infantil de Bretoña, que se realizaron en función a un convenio entre o Concello e a Deputación de Lugo.

Aproveitouse a feira en Bretoña para presentar esta nova instalación, que foi estreada polos máis pequenos.

A Deputación de Lugo achegou ao Concello 34.989,57 euros para a construción dun parque infantil na praza da Bretoña. A entidade local encargouse os proxectos técnicos, os terreos precisos e os permisos e autorizacións para levar a cabo as obras e actuacións necesarias.

O presidente subliñou que para a

Deputación de Lugo "é unha satisfacción colaborar co Concello para a posta en marcha destas iniciativas que beneficiarán ás familias, dando alternativas lúdicas e de ocio para os máis pequenos, e darán a coñecer as características e a riqueza histórica e patrimonial do municipio, co que contribúen á promoción do territorio".

Esta nova colaboración económica súmase ao investimento de preto de 330.000€ que a institución provincial inxecta no Concello a través do Plan Único. A Deputación ten como prioridade cooperar cos concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos aos veciños e veciñas.

# Inviste en Friol



CONCELLO  
DE FRIOL

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**



# DEPUTACIÓN

## Organizan en maio 16 rutas gratuítas polo patrimonio románico

Arranca a segunda edición do programa de actividades gratuítas que a institución provincial porá en marcha con motivo do Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio.

Tras a boa acollida do pasado ano, a institución decidiu reeditar a iniciativa ampliando a programación de actividades, que nesta ocasión inclúe 16 rutas polo patrimonio románico da provincia durante cinco xornadas: os días 7, 8, 9, 14 e 15 de maio. Cada itinerario conta cun máximo de 25 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 400 prazas, catro veces máis que a edición pasada. Todas as actividades estarán dirixidas por un guía oficial de turismo.

O presidente subliñou que o ano pasado, “en apenas cinco días es-

gotáronse as 112 prazas ofertadas e moitas das de reserva”, polo que “decidimos reeditar e ampliar esta iniciativa, que forma parte das actividades que poñemos en marcha dende a Deputación de Lugo tras conseguir no ano 2020 o ingreso na Rede Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo”.

As inscricións poderán facerse na web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende hoxe, ata dous días antes das actividades ou ata completar aforo. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico [romanic@deputacionlugo.org](mailto:romanic@deputacionlugo.org).



## Tomé Roca reivindica o papel das deputacións para favorecer unha recuperación sostible

O secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo e presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou en Granada na xornada *Gobiernos provinciales en la recuperación*, organizada polo PSOE. Un acto no que participaron entre outros dirixentes a Vicesecretaría Xeral do PSOE, Adriana Lastra, o secretario de Organización, Santos Cerdán, así como alcaldes, presidentes de deputacións e cargos orgánicos a nivel estatal. Tomé Roca incidiu na importancia de promover e de participar neste tipo de encontros políticos “xa que aquí podemos facer unha posta en común da nosa xestión e dos nosos proxectos de futuro, e ao mesmo tempo coñecer outras iniciativas in-

teresantes para a nosa provincia e que se impulsan noutras partes de Estado”, explicou.

Os municipios e a actividade rural, a reforma laboral nos gobernos locais e a xestión dos fondos europeos foron as mesas de traballo en torno ás que xirou o encontro socialista, no que se evidenciou a importancia do traballo das deputacións para favorecer unha recuperación sostible, e para vertebrar e dinamizar un territorio. “Tanto os concellos como as Deputacións son as primeiras entidades ás que se achega o cidadán para obter solucións, por iso é tan importante estar preparado para responder con eficacia, solvencia e axilidade,” sinalou o dirixente.



## Volven as actividades de turismo deportivo Actívate

Xa está en marcha a segunda edición do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofrecerá en 26 concellos da provincia durante as fins de semana de abril a xullo actividades gratuítas para todos os públicos vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación.

O mandatario provincial estivo acompañado na presentación do acto, celebrado no entorno do río Rato, pola Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e por alcaldes e alcaldesas de municipios que acollerán estas actividades.

“Esta iniciativa tivo unha gran acollida o ano pasado, na súa primeira edición, durante a que se acabaron as prazas rapidamente”, explicou o presidente, e “estes bos resulta-

dos leváronnos a tomar a decisión de repetir o programa, pero, neste caso, máis amplo, porque pasamos de dous a tres meses de duración, e de organizalo en 18 concellos a facelo en 26”, explicou.

A programación inclúe 26 actividades que se desenvolverán noutros tantos concellos de toda a provincia. Son todas propostas ao aire libre, en plena natureza, como por exemplo, sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación. “Estas son só algunhas das alternativas, pero haberá moitas máis, que servirán para desfrutar do noso mar, da montaña, dos nosos sendeiros, dos monumentos e dos ríos dun xeito diferente”, subliñou.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org>. Para máis información, poden

enviar un correo electrónico a [activate@deputacionlugo.org](mailto:activate@deputacionlugo.org) ou chamar ao teléfono 982 260 235. As inscricións ás actividades abriranse progresivamente todos os venres, cunha semana de antelación, ata completar o calendario.

Cada unha das actividades ten unha capacidade limitada, pero a maioría será para entre 15 e 20 persoas. Polo tanto, no total do programa ofertaranse preto de 450 prazas. As actividades están pensadas para todo tipo de público, familias e xuventude. Para cada actividade especificarase cales son os requisitos mínimos en función da dificultade, idade máis axeitada ou indumentaria para poder sacar o máximo proveito a cada unha das propostas. En todas e cada unha das actividades haberá un guía ou monitor especializado encargado de dirixir e coordinar o grupo.

## Abre a inscrición do Reiníciate

A Deputación de Lugo xa ten aberto o prazo de inscrición no programa de formación e emprego de persoas desempregadas de longa duración Reiníciate, encamiña o teu futuro, que impulsa coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI) co dobre obxectivo de favorecer a inserción laboral deste colectivo e nutrir de man de obra cualificada a sectores con demanda, como o do viño ou o sociosanitario.

O programa, dotado con 355.000€, constará dunha parte de formación gratuítas en aqueles sectores con alta demanda de persoal capacitado, e doutra parte de formación práctica. Ademais, establécense tres zonas de actuación para impartir as formacións, que comezarán a finais de abril: a zona norte (Burela); a zona sur (Monforte de Lemos); e a zona centro (Lugo). Poderán acollerse a

este novo programa un total de 120 persoas, sen límite de idade, que acrediten levar un ano, como mínimo, inscritas no Servizo Público de Emprego.

Todas as persoas participantes acadarán a capacitación básica e clave para acceder a un posto de traballo cualificado, o que permitirá a aquelas que carezan de formación mínima -graduado escolar ou ESO- acceder a capacitacións profesionais. As formacións realizaranse enfocadas a sectores con alta demanda, como a atención sociosanitaria, os idiomas ou a viticultura. Neste último a formación práctica poderá ser en adegas, e, posteriormente, crearanse bolsas de emprego á que empresarios e empresarias poderán acudir para contratar a persoal capacitado. Este novo plan de formación e emprego favorece a inserción laboral

destas persoas, que teñen especiais dificultades para encontrar traballo, e, ao mesmo tempo, facilita que diferentes sectores profesionais poidan nutrirse de man de obra cualificada. Este programa provincial súmase ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa e o Reiníciate: enfoca o teu futuro, ambas iniciativas que a Deputación ten en marcha xunto coa EOI. O primeiro, un programa de formación e de asesoramento personalizado que se ofrece ás empresas da provincia de Lugo de maneira totalmente gratuítas para axudarlles a aproveitar os recursos das novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. O segundo, unha iniciativa que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo da xente nova da provincia dándolle formación gratuítas e prácticas remuneradas en empresas.



# Coñece a túa provincia coa Deputación

33 asociacións da comarca da Terra Chá participan na segunda edición deste programa de impulso turístico



Á esquerda, o asociación de veciños San Julián de Cazás de visita nunha adega en Chantada e, á dereita, o colectivo xermadense na Granxa Gayoso Castro e o Centro Recreativo de Baamonde en Navia de Suarna

Máis de de 650 veciños e veciñas dunha trintena de asociacións da comarca da Terra Chá participarán na segunda edición do programa de viaxes gratuítas da Deputación de Lugo Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses esta tempada.

A Asociación de Veciños de San Julián de Cazás, de Xermade, foi a primeira da zona centro da provincia en gozar destas viaxes, onde visitaron a Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo para despois coñecer os concellos de Taboada e Chantada. O mesmo día, a veciñanza do Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde visitou o Pazo de San Marcos para despois desprazarse ata Cervantes e Navia de Suarna.

Entre as asociacións chairegas que participarán no Coñece a túa provincia estes meses de abril, maio e xuño están a Asociación Social e Cultural dos Veciños de Lanzós, en Vilalba; a APA de Xermade, a Asociación de Mulleres Rurais de Begonte, a Asociación Veciñal e Cultural Monte do Calvario, de Vilalba; Asociación de Veciños Barrio do Campo de Roupar, de Xermade; Residencia G.A. de Trastorno e Patoloxía Dual e Dano Cerebral de Cruz Vermella en Castro de Rei, Asociación Vilalba Aberta, Asociación Amigos da Feira de Castro de Rei, a Asociación de Veciños Virxe da Saleta, de Cas-

tro de Rei; Asociación Medioambiental e Sociocultural de Veciños de Santiago de Reigosa, da Pastoriza; a Asociación Veciñal Campo do Cruceiro de Santa Catalina de Pousada e a Asociación de Veciños de Crecente, ambas da Pastoriza; a Asociación de Comerciantes en Cooperación para o Progreso e Desenvolvemento do Concello da Pastoriza; a Asociación de Veciños de Roupar, de Xermade; Instituto de Estudos Chairegos Pena do Encanto e a Asociación de Veciños de Santa Eulalia de Román, de Vilalba.

No mes de xuño viaxarán catro asociacións da Terra Chá. A primeira que o fará será o Centro de Iniciativas e Turismo Club Fluvial de Begonte e, posteriormente será a quenda da Asociación de Veciños da Parroquia de Santiago de Sancovade, de Vilalba; a Asociación de Veciños de Carballido-Pacios, de Begonte; e

a Asociación de Veciños de Insua de Zoqueira, de Vilalba. Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en primavera, ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

**O programa Coñece a túa provincia beneficiará a 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses**

Na segunda quenda viaxarán a Asociación de Veciños Montenegro de Baamonde e a Asociación Veciñal Os Milagres de Saavedra, ambas de Begonte; de Castro

de Rei percorrerán a provincia a Asociación Cultural Ignacio Rey Stolle e a Asociación de Veciños O Cadaval; tamén percorrerán a Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu e a Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino, de Cospeito; Amuraxe, do concello de Xermade e, de Vilalba visitarán os recunchos da provincia a Asociación de Veciños de San Cosme de Nete, a Asociación Cultural de Andrade, a Asociación Cultural Amigos da Liga Santaballela e a Asociación de Mulleres de San Bartolomeu de Insua.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que a reedición deste programa, incluído no Plan de Impulso da Economía da Provincia que lanzou a Deputación, “ten como obxectivo seguir favorecendo o coñecemento da provincia entre os propios veciños e veciñas, e

apoiar a actividade da hostalería, do turismo e do comercio fronte ao impacto da pandemia, ao tempo que seguimos consolidando un modelo de turismo de calidade, sostible, con capacidade para atraer visitantes ó longo do ano, que pon en valor o patrimonio e que mantén e crea emprego, sobre todo no rural”.

A primeira parada de cada viaxe realízase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135 seguindo a orde de inscrición ata completar as prazas dispoñibles, tal e como sinalan as bases. Ademais, aceptáronse 32 entidades que entraron na listaxe de agarda.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.



Presentación do evento ao Centro Recreativo de Baamonde



# TERRA CHÁ

## Comesaña presenta o novo Plan Local de Saúde de Vilalba

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña presentou en Vilalba o Plan local de saúde do servizo de atención primaria, que potencia a capacidade resolutive da enfermería e que xa se aprobaron en 14 servizos de atención primaria de toda Galicia. O servizo de atención primaria de Vilalba comprende centros de saúde de cinco concellos: Vilalba, Xermade, Abadín, Muras e Cospeito, polo tanto, o plan esixe artellar medidas que se poidan aplicar en todo o territorio que abrangue este servizo.

Comesaña explicou que o plan detectou que hai unha prevalenza importante de patoloxías relacionadas coa diabetes ou a hipertensión e unha porcentaxe considerable de pacientes cunha complexidade alta ou media, en consecuencia, Sanidade desenvolverá o modelo Ariadna para atención personalizada de enfermería aos pacientes crónicos con alta complexidade destes concellos. Ademais, o plan de saúde do servizo de atención primaria de Vilalba se compromete a desenvolver novos procesos asistenciais finalistas por parte do persoal de enfermería; é dicir, -proseguiu o conselleiro-, “que sexa este persoal o que resolva de xeito independente nos centros de saúde, sen necesidade de pasar polo médico, distintos problemas de saúde para os que se defina un

protocolo de actuación detallado e concreto”.

Tal e como recordou García Comesaña, este centro de saúde de Vilalba xa adoptou o modelo de axendas de calidade para o persoal médico, que permite establecer uns criterios mínimos unificados para unha mellor xestión do tempo, dando flexibilidade aos centros para organizarse. Tamén vaise implantar neste centro o Sistema de Xestión Integrada da Demanda (XIDE), que permite que todos os profesionais de primaria participen de forma interdisciplinar para dar unha resposta coordinada a un motivo de consulta da demanda non programada.

**INFRAESTRUTURAS.** No apartado de persoal, o conselleiro sinalou que a Xunta vén de aprobar unha oferta pública para cubrir 106 prazas vacantes en medicina de primaria a través dun concurso de méritos, medida inédita que Galicia é a primeira comunidade en realizala. Desas 106 prazas, García Comesaña anunciou que a Xunta ofertará tres neste servizo de atención primaria, o que posibilitará a incorporación de tres facultativos con praza en propiedade. Recordou, así mesmo, que o pasado ano creáronse e cubríronse no centro de saúde de Vilalba dúas novas prazas, unha de enfermaría no PAC

e unha de fisioterapia, que forman parte do total de 331 novas prazas que se crearon en toda Galicia. En toda a provincia de Lugo as prazas creadas nos centros de primaria foron 32.

No apartado de infraestruturas, o conselleiro destacou que o Plan de Atención Primaria 2019-2021 posibilitou realizar un investimento de máis de oito millóns para incorporar equipamento aos centros de saúde galegos. En concreto, o centro de Vilalba recibiu dous electrocardiógrafos, dous desfibriladores e un hólter de presión arterial. En Xermade e Muras, un desfibrilador e un electrocardiógrafo para cada un deles, e en Cospeito, ademais destes equipos, un hólter de presión arterial e en Abadín, a maiores, un espirómetro.

**PATIÑO.** Luis Ángel Rodríguez Patiño, párroco de Momán, amosouse crítico coa visita a Vilalba do conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña, para anunciar a incorporación dun médico ao centro de saúde de Xermade. Segundo Patiño “unha vez máis se burlan dos concellos pequenos onde a poboación está máis envellecida e con máis necesidades de atención médica e que esta sexa cercana”. Lembrou que seguen recollendo sinaturas para solicitar unha mellor atención médica en Xermade”.



Presentación do Plan Local de Saúde en Vilalba

## O BNG esixe a reapertura dos centros de saúde pechados

Pola contra, o BNG esixiu á Xunta no Parlamento galego que reabra de inmediato os consultorios pechados dende o inicio da pandemia e que a portavoz nacionalista de Sanidade, Montserrat Prado, exemplificou en 14. Así, Prado advertiu que continúan pechados os consultorios da provincia de Parga (en Guitiriz), Baamonde (en Begonte) e Castro de Rei.

Unha situación que, segundo recalculou a deputada do Bloque nunha pregunta parlamentaria, “ademais de non ter ningunha xustificación máis que o recorte sanitario”, estalle a causar prexuízos económicos e de mobilidade a miles de galegos e galegas afectadas polos recortes da Xunta do PP na sanidade pública e, nomeadamente, na Atención Primaria.

“Persoas obrigadas a desprazarse a outros consultorios cando unha parte moi importante delas superan os 60 anos, adoitan non conducir e carecen de transporte público polo que se vén obrigadas a depender doutras persoas ou a pagar taxis cando en Galiza temos, grazas ás magníficas políticas do PP, as pensións máis baixas do Estado”, reproboou.

Por outra banda, o BNG en Vilalba recolleu sinaturas pola atención primaria dentro da súa campaña. A organización reclama a recuperación dos servizos sanitarios do centro de saúde e PAC de Vilalba, no que defende a dotación total das prazas de persoal facultativo, a restitución do servizo de pediatría e garantir os recursos materiais para o pleno funcionamento.

## Ampliado o prazo de presentación das solicitudes das axudas da PAC

A Xunta ampliará ata o 13 de maio o prazo de presentación da solicitude das axudas da PAC, que remataba o día 30 de abril. O DOG publicará a orde correspondente da Consellería do Medio Rural, co que se darán aos interesados dúas semanas máis para realizar os trámites.

O DOG publicaba o pasado día 31 de xaneiro deste ano 2022 a orde de convocatoria dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da Política Agrícola Común. A súa dotación para esta campaña é de arredor de 210 millóns de euros, dos cales 170 millóns correspóndense cos pagamentos directos e os restantes 40 millóns coas medidas de desenvolvemento rural.

## Seis alcaldes da Comarca de Lugo impulsan un proxecto turístico

O presidente do GDR Comarca de Lugo e alcalde de Friol, José A. Santos, xunto co resto de representantes de concellos integrantes do mesmo, como son os alcaldes de Outeiro de Rei, Guntín, O Corgo, Castroverde e Rábade, participaron nunha reunión para valorar a posibilidade de presentar un Plan de Sostibilidade Turística en Destino na próxima convocatoria prevista por Turismo de Galicia, que se centrará na Enogastronomía. A Xunta conta con 29,3 millóns de euros de fondos Next Generation para investir en accións que revaloricen o turismo. En esta primeira reunión, os rexedores analizaron a posibilidade de presentar unha candidatura conxunta para todo o territorio, valorada en case un millón de euros. Ademais, tratouse de delimitar prioridades á



hora de poñer en marcha diferentes propostas turísticas que posibiliten aos visitantes acercarse desde Galicia, España, e incluso Europa, aproveitando o feito de que o Camiño Norte e o Primitivo de Santiago pasa polo territorio.

Os obxectivos xerais de este proxecto serán: integrar na oferta turística a sostibilidade ambiental, socioeco-

nómica e territorial, e desenrolar estratexias de resiliencia fronte aos novos retos do ecosistema turístico; unha maior cohesión territorial que cree conexións entre os destinos de distintas rexións e finalmente, búscase un desenvolvemento equilibrado do potencial turístico do territorio á vez que axuda a frear os procesos de despoboamento.

## Convocan o roteiro para facer un novo treito reivindicativo polo Camiño Real

O día 21 de maio terá lugar un novo roteiro para a revitalización do Camiño do Nordés, unha ruta de peregrinaxe a Compostela entre Viveiro e Vilalba na que traballan a Asociación Camiño Real e a de Roteiros da Carba.

A ruta, de 17 quilómetros, terá lugar a partir das 9.00 horas entre Oural e Muras pasando por Sabucedo e a Gañidoira e seguindo ata Muras, onde haberá un xantar no Restaurante Santi para repoñer forzas. Os interesados en participar poden sumarse facelo a través das asociacións organizadoras, Camiño Real e Roteiros da Carba, así como dos concellos de Muras e de Xermade.

Esta sera a terceira ruta que se realice tras as dúas feitas antes do inverno.



# Florencio Delgado Gurriarán

É un reflexo da cultura galega no século XX, promotor de iniciativas editoriais e radiofónicas

Florencio nace case ao mesmo tempo que o novo século, no 1903. A súa familia firmemente vinculada co traballo da terra inculcoulle non só o respecto polo medio senón tamén polo idioma e a cultura galega. Aínda despois de pasar case toda a nenez dunha cidade castelá a outra nunca esquece Valdeorras, onde regresan cada verán. E onde volve tras a morte da súa nai coa carreira de dereito rematada para comezar unha nova vida. En Valdeorras participará da vida cultural e política, participando activamente na creación do Partido Galeguista e nas primeiras eleccións da II República. O golpe de estado militar de 1936 que provocou a Guerra Civil colle ao noso poeta en Valdeorras de onde tenta escapar rapidamente ao ver o cariz que a contenda está a tomar. Os coñecementos dos montes da comarca do seu irmán, Lucio, serán a axuda máis eficaz para marcar unha rota de escape a través de Portugal cara Bordeos. Unha vez en Francia atópase con compañeiros da loita cos que decide volver a España para loitar do lado do goberno da República. A victoria dos franquistas píllao en Francia onde comeza unha labor fundamental para conseguir que moitos exiliados crucen o Atlántico cara unha nova vida. Trala súa chegada a Veracruz comeza a nova vida, nun primeiro momento sempre coa idea de que en poucos anos regresaría a Valdeorras mais esa visita dilátouse máis do esperado. Pronto formou familia coa súa querida Celia, unha filla de emigrantes

galegos que coñeceu mentres trataba de venderlle zapatos. Realizou diversos traballos ata que se asentou na empresa farmacéutica Queralt Mir onde traballou ata a súa xubilación. Pero o seu traballo máis importante foi do lado do grupo de emigrantes galegos no país, xunto aos que formou unha rede cultural galega imprescindible para a nosa historia.

**OBRA.** Os primeiros bocexos de literatura aparecen recompilados nunha vellas carpetas que el mesmo titulou xa na vellez como *Trangalladas de meniño...* Parvadas aquí vemos xa xogos de creación literaria e de rima de elevada calidade para a época na que foron feitos. Despois deste xogos rimados comeza a publicar nos anos trinta poemas soltos nos xornais *O*



*Heraldo Gallego e A Nosa Terra.* Algún dos poemas que aparecen son as primeiras versión dos que despois comporán *Bebedeira*. Comeza a crearse aquí o mundo máxico da natureza de Valdeorras no seu maxín. Os primeiros poemas que atopamos son: *O Castiñeiro morto, Vente, ventión*

*do norte, Festas. Folión de van, Ruada, Cantiga da vindima, Muiñada...*

Tamén nesta época comezan a aparecer os primeiros poemas de corte social e reivindicativos, *Romanzo do cabaleiro e Xuntanza*, nos que recorda a chamada de Pondal á redención da "nai" Galicia e arenga aos galegos a emprender unha loita que defenda a terra. Outra rama social e de crítica vai ser a que levará como eixo vertebrador a lingua galega. Nese momento a perda de falantes cara o castelán por prexuízos lingüísticos afectaba nomeadamente ás clases medias-altas, os que aínda tendo un sentimento de filiación coa terra galega non o tiña co idioma por consideralo campesiño e pobre. Isto vémolos por exemplo en *Carta de Guan de la era al Doutor Nuevo Campito* ou *Falan Castelán*. Moitos destes escritos aparecerán tempo despois no *Cancioneiro de Loita* e no *Sonho do Guieiro*.

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis ca toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que dín escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita:  
Galicia é infinda!





# DEPORTES

## “A ilusión ten moito poder e fai que os nenos den o mellor de si”

Noelia Blanco, directora da Escola Movemento Vilalba

Un ano máis, a Escola Movemento Vilalba estará presente na Dance Woldcup Spain, que tivo a súa xornada clasificatoria en Burgos cun resultado de 6 ouros, 2 pratas e 3 bronces para as coreografías participantes, un total de 24. Entre elas tamén houbo moitas que quedaron ás portas do podio pero sobre todo rematan esta fase coa lección do traballo ben feito e de “levar a todos os rincóns a arte e a danza tradicional galega”. Como explica Noelia Blanco, directora da escola, “foi moi emocionante. Había moitas ganas de voltar aos escenarios”. Noelia conta co apoio dos profesores Raquel, Uxía, Carla, Lucía, Natalia e Jonathan neste proxecto.

**Como valora o paso pola competición?**

Levamos 24 coreografías e foi moi emocionante. Había moitas ganas de voltar aos escenarios e notouse no xeito de bailar. Fixéronno moi ben, especialmente as máis maiores. Os resultados foron espectaculares con 6 ouros, dúas pratas e 3 bronces. Ademais as peques de Pousa Pousa levaron o premio especial ao mellor vestuario de Danzas Folclóricas. A sorpresa deste ano foi Soy yo, que foi seleccionada como mellor coreografía da categoría Mini dándolle o pase á gran gala, unha gala final onde se ven as mellores coreografías do evento e na categoría Mini o xurado só decidiu pasar a nosa coreografía. As nosas alumnas nunca escoitaran falar deste Premio porque sempre o consideramos inalcanzable para nós.

Finalmente non quedamos porque non contabamos con esta posibilidade e facíase moi tarde para voltar.

**Que axuda están a ter para sacar adiante este concurso?**

As nosas nenas e nenos só reciben unha sesión semanal de clase en cada modalidade na que están inscritos fronte a unha media de 18 horas semanais (ou máis nalgún caso) que veñen facendo nas escolas de danza os que teñen máis de 10 anos. Por este motivo todos os resultados obtidos son maravillosos. A ilusión ten moito poder e fai que as nenas e nenos sempre den o mellor de si a pesar do pouco tempo de ensaio.

**Levan varios anos participando.**

**Como xurdiu a idea?**

A opción de competir é totalmente voluntaria no momento no que se inscriben. Ofrécese para que teñan a posibilidade de vivir novas experiencias. A competición ben xestionada tamén forma. Conviven con outras escolas, fan amizades, aprenden a xestionar as emocións, motiva,...

**Son os únicos de Galicia en participar?**

En edicións anteriores eramos 4 escolas galegas as que entramos no clasificatorio para o Mundial pero este ano fomos 3.

**Cando naceu a Escola de Movemento e que percorrido tivo nestes anos?**

A Escola nace de maneira fortuita penso que polo ano 2006. Pola ilusión de ir creando pouco a pouco unha Escola de Danza e pouco a

pouco foi medrando. Inicialmente só impartíamos jazz e contemporáneo, co tempo fomos sumando as modalidades de Acro, Ballet e HipHop. En colaboración con AC de Andrade elaboramos as coreografías que participan na modalidade de Danzas Folclóricas. Ata que nós chegamos a entrar no clasificatorio para o Mundial, España sempre estivera representada por flamenco. Nós fixemos a nosa proposta no 2017 con Espantallo e xa ese ano conseguimos un bronce que nos levou directamente ao Mundial que se celebraba en Alemaña. Os comentarios do xurado internacional alí presente foron espectaculares. Eso animounos a seguir levando as nosas propostas ano a ano e foron moitas as escolas tanto nacionais como estranxeiras que nos escribiron interesándose polos nosos ritmos. E dende entón España tivo todos os anos representación de ritmos galegos no Mundial.

**De que logros se sinten máis orgullosos?**

De todos e cada un dos resultados obtidos. Como dixen anteriormente as horas de ensaio dos nosos nenos e nenas son moi reducidas en comparación co resto de participantes. A ilusión non se merma nunca. Non ter medalla deixa un pouco triste ao principio pero enseguida recordamos que nunca perdemos, sempre gañamos. Gañamos unha nova experiencia, unha nova viaxe, unha nova emoción, e nunca, nunca perdemos! Bueno, nalgunha oca-



sión perdemos algún complemento (unha zapatilla, un tocado do peinado,...).

**Cantos rapaces/rapazas aprenden a bailar con vós e de que idades?**

Na actualidade son 110 de bailaríns dende os 2 ata os 23 anos.

**A escola de Movemento ten un gran calado social en Vilalba. Como se consegue iso?**

Pois non son consciente do calado social nin de como se consegue. Sei da ilusión e do esforzo de todos pero tamén da implicación da maior parte das familias. Sen todo iso Movemento non sería nada.

**Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?**

Agora mesmo preparar o Mundial. Son 12 coreografías clasificadas aínda que finalmente só irán 4 (Soy yo, Maxia, Terra e A roda da Vida) porque no resto non se animaron todas as bailarinas. Isto implica un total de 40 nenas e nenos que precisan dar o mellor de si nesa competición. Sen deixar de lado a nosa Mostra de Danza Belinda Paz que terá lugar o 21 de maio ás 19:00 h no Auditorio Municipal.

**E necesidades?**

As necesidades sempre son moitas aínda que nos arreglamos ben. Neste momento o que máis notamos en falta é material específico para traballar as acrobacias pero é costoso.

**Contan con axuda para os proxectos da escola?**

Contamos cunha nominativa do Concello e una pequena axuda da Deputación ademais de tres patrocinadores do pobo (Caixa Rural, Novalux e Prestes Queixería). Grazas a eles pagamos os autobuses para desplazarnos ás competicións, axúdase economicamente nas inscricións das nenas que bailan varias coreos, axudas co vestuario, etc). Os gastos son moi elevados porque falamos dun grupo de competición formado por 100 nenas e nenos e sempre desplazamentos longos (o clasificatorio foi en Burgos), sumando unhas cotas de inscrición moi elevadas. Este ano becamos a varias rapazas para recibir clases en Santiago por unha profesora da Royal de Londres que se achegou no Nadal e noutras ocasións traemos profesorado de fora á nosa vila.

**Ademais da competición programan outra serie de actividades?**

Clases impartidas por coreógrafos de referencia a nivel nacional que traemos á nosa escola, festival fin de curso (Mostra de Danza Belinda Paz) e un programa de Danza no Verán.

**Que tipo de seguimento teñen?**

As familias son as mellores. Sempre fans incondicionais. Teñen bandeiras propias para acompañarnos nas competicións.

## Carabullo dominou a xornada billardeira de Muimenta

O campo á beira do río en Ponte de Outeiro quedouse pequeno para acoller a novena xornada da LNB da conferencia NorLeste. O equipo local de Carabullo trasladou o aberto ao campo de fútbol O Pichón de Muimenta, onde se acadou a marca de participación da tempada, 9 cativos, 17 donas e 65 homes se deron cita (91 palanadores en total) en nobre e deportiva liza. A LNB medra sin parar.

Participou unha boa parte do equipo Campo da Feira de Paosaco, que acadaron o mellor resultado dende que veñen participando na liga e meritoriamente se fixeron co segundo posto da xornada por equipos,

por detrás dos anfitrións Carabullo e un punto por diante de Billardeiros Musicais e Troitas Bravas, que compartiron o terceiro posto.

Carabullo consolida a súa primeira posición na xeral por equipos e tamén en individual. Charli quedou segundo nun desempate co seu compañeiro de equipo Javi Morán, mais incrementa a diferenza a sete, oito e nove puntos cos inmediatos seguidores. Félix completou o podio da xornada. En donas, Irea tamén se fixo co primeiro posto e acurta distacia na xeral con Aroa, segunda e terceira quedaron a propia Aroa e Geni. En infantís dominio de Aroa, Mateu e Diego.

## Volve a Vilalba a Carreira das Letras Galegas

Vilalba acollerá a XII Carreira das Letras Galegas o 20 de maio na pista de atletismo do estadio da Madalena a partir das 10:30.

O Concello de Vilalba busca con esta proba fomentar uns hábitos de vida saudables entre a poboación máis nova do municipio, á vez que se conmemora unha data moi significativa para a lingua galega.

As inscricións, de balde para todas as categorías, abríranse o próximo 25 de abril e pecharanse o día 6 maio. Será posible inscribirse na web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou a través dos docentes de Educa-

ción Física dos centros educativos (ou no seu caso, no titor/a da aula). Os docentes contarán cunha folla de rexistro para cubrir todos os datos dos participantes.

As categorías serán mixtas e distribuiranse en función do ano de nacemento: pitufos, 2018-2017; Chupete, 2016; Prebenxamíns, 2015-2014; Benxamín, 2013-2012; Alevín, 2011-2010; Infantil, 2009-2008; Cadete, 2007-2006.

Os participantes recibirán unha auga e unha peza de froita, polo que se deben de indicar as intolerancias no momento da inscrición,



tamén se realizará unha entrega de medallas. Cada centro educativo disporá do seu propio espazo no estadio, coa fin de agrupar ao alumnado facilmente.



## Abre a inscrición para o Trail das Bestas

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas ten aberto o prazo de inscrición para a quinta edición que se celebrará o 17 de xullo, domingo. A organización fixo esta convocatoria adiantado que quedarán supeditados ao que suceda coa situación sanitaria pero que nun principio haberá 500 prazas.

A que será a quinta edición soe ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuíto marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano. A organización establece tres distancias diferentes para percorrer e unha andaina.

Así haberá a maratón, de 43 quilómetros, e un desnivel de 2050; a de 27 quilómetros, con desnivel de 1250 e a de 14 con desnivel de 550, que será o mesmo percorrido para a andaina.

A competición arrancará ás 8.30 horas coa saída da maratón. Media hora máis tarde saíran os autobuses da Veiga de cara a Os Curuxos de onde sairá o seguinte percorrido. As 10.00 sairá a carreira dos 14 quilómetros seguida da andaina.

A previsión é facer a entrega de premios a partir das 13.30 horas.

Tamén se establecen diferentes categorías, absoluto e veterán, neste caso para os nados antes do 1976.

# Ascensos na Chaira

## O PM Friol xa é campión de liga e o Castro B logra o ascenso a Segunda

O primeiro equipo do PM Friol, a falta dunha xornada para acabar, proclamouse campión de liga na Primeira Nacional tras vencer na casa ao Olímpico e ascende á categoría de todo o norte de España, onde volverá competir con Barcelona, Real Madrid, Atlético de Madrid, Zaragoza, Bilbao, Oviedo, Valladolid, e outros. O equipo friolés, que descendeu o ano pasado logrou de novo recuperar a súa categoría nun só ano, de feito de 8 descendidos de reto Iberdrola a pasada tempada nestes momentos só ascenden Friol, Valencia e Málaga. O mérito é aínda maior xa que se trata dun equipo todo novo de xogadoras fichadas está tempada coa dificultade que eso conleva.

“Hai un ano prometémonos traballar incansablemente para volver ascender, só unha tempada despois lográmolos! Foron meses de moito traballo, moita ilusión e moita dedicación para converter un persoal totalmente novo nun EQUIPO!! Non foi fácil, unha liga tremendamente igualada, con xogadoras moi novas que era a primeira vez que saían das súas casas para involucrarse nun proxecto totalmente novo, pero este gran grupo soubo crecer ante as dificultades, e 9 meses despois podemos gritar orgullosas que somos campioas de liga”, declaraban no club.

**CD CASTRO.** O equipo filial do CD



Arriba, o Castro B, de Terceira, e abaixo, o primeiro equipo do Friol feminino

Castro, o Castro B, militante na Terceira Galicia, logrou onte o ascenso a Segunda unha xornada antes do fin da segunda volta da competición. O conxunto chairego vencen na casa ao Cazás por 2-0 e sumou matematicamente a vantaxe necesaria para rematar a xornada como un equipo de Segunda.

O Castro B disputou a segunda fase da liga nun grupo de catro equipos, firmando, a falta dun encontro, 4

vitorias e 1 empate polo que segue invicto.

O equipo disputou a primeira fase nun grupo de oito quedando campión de grupo con tres puntos de vantaxe sobre o seguinte. Rematou con 11 vitorias, un empate e 2 derrotas e un total de 34 puntos. O equipo levouse desta primeira quenda 3 puntos de premio que axudaron a manterse no máis alto dende a primeira xornada da segunda fase.

## EN BREVE

**RUTA 4X4.** O Club Vilalba 4x4 organizan a VIII Ruta 4x4 os días 6 e 7 de maio e xa está aberta a inscrición, que se realiza a través das súas redes sociais. Este roteiro en vehículos tipo 4x4 comezará o venres 6 de maio cuns pinchos para os participantes no Hostal Terra Chá a partir das 21.30 horas. Ao día seguinte será o gran encontro. Dará comezo ás pola mañá coa recollida de dorsais, e a saída dos participantes da VIII Ruta turística desde o campo da feira. Pola tarde rematará a ruta e despois os participantes reuniranse para unha cea unha cea no restaurante Montero. Para máis información haberá que poñerse en contacto nos teléfonos 691 696 796 ou 636 878 858.

## CARREIRA POPULAR DE BEGONTE.

O Concello de Begonte anunciou que este ano recupérase a Carreira Popular do Concello de Begonte, que acadaría a súa V edición tralo parón de dous anos debido á pandemia. A carreira terá lugar o 25 de xuño, sábado, e contará tamén cunha andaina. Novamente está prevista a celebración de varias carreiras por idades, ademais da competición absoluta, na que se percorreren 7 quilómetros. Esta cita co atletismo é xa un referente na comarca e todos os anos reúne en Begonte centos de persoas. En breve daranse a coñecer os detalles da mesma e abrírase o prazo de inscrición.

# TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**+** Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

## TELÉFONOS DE INTERESE



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



# COLABORACIÓNS

## Volven as feiras

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

O anterior número do Terrachá facíase eco cun titular onde sinalaba citas festivas importantes da ansiada volta á normalidade, pero de verdade, non disimulada, como aconteceu todo este tempo desde aquel fatídico mes de marzo de hai dous anos, onde a cada paso que se daba tras pensar que deixabamos o bicho este atrás, a realidade volvíanos de novo ata o punto de partida.

*E si, efectivamente volveron as feiras, non as que se celebran mensualmente en diferentes localidades, que xa o estaban a facer, senón aquelas por chamalas dalgunha maneira, temáticas, nas cales se promociona un produto con zona. Neste caso, foi o queixo, sendo o de Friol –aquí tamén vai incluído o pan de Ousá-, o de San Simón da Costa e o do Arzúa os que tiveron celebración, con idéntico ou incluso máis éxito cás edicións pasadas.*

*Lóxica a reacción da xente. Parece que foi onte, pero non, foron dous anos, vinte e catro meses de agobio, con peches de negocios, restricións, caras tapadas e unha modificación*

*total dos nosos hábitos e costumes. Todo se resentiu, empezando pola economía e continuando polas relacións familiares e sociais. De aí que se estime moi acertada a portada do Terrachá de marzo, xa que o retorno das feiras que durante este tempo tiveron que ser adiadas supón volver a eses puntos de encontro, onde a xente interacciona unha coa outra, nos que compradores e vendedores xogan o seu papel, dinamizando aínda que sexa por un só día a vila onde se leva a cabo. Ringleiras de coches, bares e restaurantes ateigados e unhas ganas tolas de volver disfrutar de todo aquilo que nos gustaba e que xa parecía que tiñamos esque-*

*cido.*

*Os eventos sinalados foron o punto de partida, xa que outros viñeron de contado. Así temos exemplos como a Moexmu de Muimenta, a Feira Medieval de Monforte, a do viño en Quiroga ou o cocido de Lalín –en pleno mes de abril-. En todas elas, mesmo espírito e idéntico proceder: Xente e máis xente, ávida de arrancar as caretas e ver algo máis cós ollos dos nosos iguais e tamén de consumir e gastar. E iso, a pesares de todo o que sucede alén das nosas fronteiras, con catástrofes e guerras, ou os prezos desorbitados dos combustibles e o custe da vida, cada vez máis elevado. As ganas*

*de troula semellan ter maior peso que as dificultades que estamos a vivir e a incertidume sobre o futuro máis inmediato. Hai que recuperar o tempo perdido.*

*Ogallá non haxa unha volta atrás e non teñamos que arrepentirnos, porque don Covid ten varias caras e aniquilado aínda non está.*

*Xa estamos na primavera e logo virá o verán con todo o que significa en canto a romerías, festas, xiras, festivos e demáis. Que todo sexa para ben, sen esquecer a aqueles que peor o pasaron, sobre todo os que xa non o contan. Volveron as citas co queixo, co gando e a música. E seguirán moitas máis. Pois si.*

## Entre indecisos e insubmisos

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Ellixir entre o malo e o menos malo. Esa foi a gran responsabilidade dos indecisos e dos insubmisos que se achegaron polas urnas o pasado 24 de abril en Francia, onde reinaba a máxima preocupación ante o avance da ultradereita; moita máis ca nas eleccións de hai vinte anos, cando a primeira rolda dos comicios supuxo unha sorpresa para moitos analistas políticos, que agardaban unha segunda volta entre Jacques Chirac e Lionel Jospin. Outros observadores xa apuntaran a posibilidade de que o socialista Jospin quedase apeado tras a primeira votación, dada a igualdade entre os principais candidatos e o alto grao de indecisos. A pobre imaxe que proxechara na súa campaña, xunto á dispersión do voto na esquerda cun gran número de candidatos, fixo posible que Jean-Marie Le Pen fora quen de enfrontarse a Chirac na batalla final. O proceso electoral recibiu daquela o cuestionamento xeral polo sistema de dobre volta (ballottage) e tamén levantou moita preocupación

*debido á apatía e ao xeito no que a esquerda experimentou unha fragmentación antes descoñecida.*

*Nesta ocasión, a división da dereita radical populista non impediu a Marine Le Pen pasar á segunda etapa das eleccións presidenciais para rivalizar co actual presidente Emmanuel Macron, con fama de arrogante e afastado dos problemas da rúa, nun proceso que contou coa maior abstención do último medio século. Como afirma o profesor Fermín Galindo, “asistimos a un enfrontamento entre a Patria (Le Pen) e a República (Macron)”. Finalmente, o candidato-presidente das mil caras ocupará o Elíseo cinco anos máis e terá que xestionar un país dividido e fondamente descontento cos seus líderes políticos. Aínda que Le Pen conseguiu o seu mellor resultado, funcionou a mobilización do chamado “escudo republicano”, que sae votar só para evitar que gañe.*

*Non deixa de ser preocupante o escenario actual europeo, pois a comezos de abril contemplamos a rotunda vitoria do primeiro ministro de Hungría –o ultraconservador Orbán– nas parlamentarias do país maxiar, por cuarta vez consecutiva, a pesar da unión de practicamente toda a oposición. E lembremos que a comezos*



*deste ano tamén houbo eleccións xerais en Portugal e a porcentaxe de voto que recibiu a extrema dereita, encarnada no partido Chega, multiplicouse por cinco, superando o 7%. Até ese momento, Portugal era un dos principais países europeos nos que a ultradereita aínda non tiña unha presenza significativa no Parlamento.*

*Reino Unido e Irlanda son agora os únicos territorios de Europa onde a extrema dereita é inexistente ou non ten representación parlamentaria. Outros máis pequenos –como Luxemburgo e Islandia– viven unha situación semellante. En Reino Unido, os ultras non teñen presenza na Cámara dos Comúns, en parte polo sistema electoral de maioría simple que favorece o dominio dos grandes*

*partidos (laboristas e conservadores), aínda que tamén estean representadas forzas políticas de menor entidade, como os liberaldemócratas e varios grupos nacionalistas.*

*Pola súa banda, Polonia convértese no segundo país do continente que concentra máis voto ultra (50%), que se divide entre o gobernante PiS (43%) e a suma de varias formacións radicais (7%). Séguenlle outros catro países que se moven entre o 20% e o 30%: Bélxica, Suíza, Eslovaquia e Italia. España, coa representación de Vox (15%), sitúase no posto número once de todos os países analizados. Aínda que estas formacións difiren moito unhas doutras, por exemplo Vox e o partido independentista belga Interese Flamenco, si comparten unhas características similares que*

*as sitúan na familia política da dereita radical populista. Destacados politólogos coinciden na súa análise sociolóxica, identificando tres grandes elementos comúns no ideario destas forzas: nativismo, autoritarismo e populismo.*

*Nativismo definido como ideoloxía que sostén que os Estados teñen que estar habitados exclusivamente por membros do grupo nativo e que elementos non nativos –tanto persoas como ideas– supoñen unha ameaza externa; esta concepción inclúe unha combinación de nacionalismo e xenofobia. Autoritarismo como a crenza nunha sociedade rigorosamente ordenada no que as violacións á autoridade reciben un castigo severo, e onde priman a tradición e os principios de lei, orde e moralismo convencional, pero esta visión non implica necesariamente unha actitude antidemocrática. E populismo entendido como ideoloxía que considera que a sociedade se divide en dous grupos homoxéneos e antagónicos: ‘o pobo puro’ fronte á ‘elite corrupta’, partindo da base de que a política debe ser unha expresión da vontade xeral do pobo. Na democracia populista, nada é máis importante cá esta vontade xeral, nin sequera os dereitos humanos ou as garantías constitucionais.*

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Telf. 982516150

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60  
ALÉN



## Ás nosas queridas vacas

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**O**s que desgobernan Galiza, desde Madrid e desde a Xunta, están baleirando as nosas aldeas e o noso agro estase quedando sen xente e sen vacas. Desaparecen as explotacións leiteiras e tanto nos montes, coma nos agros e nos prados, plántanse eucaliptos para maior gloria de ENCE e dos políticos dos dous grandes partidos españois que entraron e entrarán pola porta xiratoria no seu consello de administración e deixan ó noso pobo sen futuro.

Dicián os políticos da dereita (que sabían do aprecio e da necesidade que os labregos tiñan das vacas para a súa economía) que os da esquerda llas ían quitar si chegaban ao goberno, pero non son os da esquerda os que llas están quitando, senón eles mesmos coas políticas antiagrarias deseñadas polos tecnócratas de UE e aplicadas por eles para arruinar o noso agro, quitarlle valor ás nosas terras e apostando polas macrogranxas que escravizan e deshumanizan ós animais, converténdolos nun simple número. Alí viven en condicións pésimas sen poder moverse, alimentándose con produtos prefabricados e producindo carnes de baixa calidade, de dubidosa salubridade e un gran dano ecolóxico a este planeta no que vivimos.

Todos os animais son queridos na casa dos nosos labregos e labregas, pero a vaca sempre foi o animal mais mimado polo campesiñado. As vacas eran tamén as compañeiras de traballo deles e delas, pois antigamente sempre as acompañaban nos seus traballos do campo, tirando do arado, da grade ou do carro, aínda que coa chegada dos tractores perdeu ese concepto de "compañeira" e deshumanizouse algo a relación que había entre ambos. Ademais agora, debido ás políticas aplicadas e o desamparo no que se atopan por parte das administracións, só quedan unhas cantas explotacións leiteiras en cada parroquia, que van malvivindo debido aos baixos prezos do seu produto no mercado.

Castelao dedicalle a este animal un precioso fragmento no seu libro Sempre en Galiza, no que afirma que "a vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos pode dar máis". Outra cousa que nos aportaba, e que lle quedou a Castelao no tinteiro, era que desde a corte, que se atopaba normalmente na parte baixa da casa, tamén daba

calor, que por medio do piso de táboas pasaba o primeiro andar onde estaban as habitacións nas que durmía toda a familia.

Son animais pacíficos; de aí que diga Castelao que "a vaca é un símbolo da paz" e Fr. Marcos da Portela asegura no seu "Catecismo do Labrego" que ata os bois da nosa terra son pacíficos. Tamén Xaquín Lorenzo (Xocas), no seu impresionante documental "O carro e o home", lémbraunos que un "carro de vacas pode ser conducido, non só por un home afeito a este traballo, senón mesmamente por un picariño, calquera pode conducir as vacas, que teñen a mansedume e a forza de todo o que é realmente grande".

Os e as paisanas poñíanlles nomes (todos en feminino, como diría Feijóo): Gallarda, Roxa, Garrida, Linda ou Marela para distinguilas entre si e polo nome xa saiban elas perfectamente a quen se dirixían e facían caso ao que se lles mandaba. Cando eu era neno tiñamos a Roxa e mais a Linda, e como eu non quixen mamar a teta foron elas as que me deron o seu leite para encher o biberón. Decía miña nai que eran tan mansas e intelixentes que non facía falta chamalas pola corda e que, mentres levaba a meu irmán no colo, sentábame a min no carro e procuraban andar amodo para que non caera. Seica cando íamos os nenos no carro portábanse doutro xeito, indo mais amodo e con mais coidado que si o carro fora baleiro.

Existen mais de 800 razas de vacas, pero case todas as que tiñan os labregos eran rubias galegas, que son as mais bonitas e as mais

traballadoras. Eran tan dóciles e intelixentes que, cando ían co arado, unha vez adestradas ían solas seguindo o rego sen chamalas pola corda, que era o traballo que menos me gustaba facer. Despois empezaron a traer vacas leiteiras da raza frisoa ou vaca Holstein, pero grazas que ao mesmo tempo viñeron tamén os tractores, porque estas daban mais leite pero non valían para traballar o campo nin para tirar do carro.

A literatura galega non foi allea á importancia das vacas na economía da nosa nación e non só Castelao, O Tío Marcos da Portela e o antropólogo Xaquín Lorenzo, senón que o periodista e sempre amigo, Alfonso Eiré López, dedicoulles dous libros: "Memorias dunha vaca marela" e "Eu tamén fun coas vacas", pero tamén Manuel María, Manuel Leiras Pulpeiro e a outros moitos poetas e escritores lles serviron de inspiración.

Para rematar quero deixar aquí este precioso poema do chairego e amigo Darío Xohán Cabana, que, para a nosa desgraza, deixounos o 16 de novembro do ano pasado:

A vaca é paz e fartura,  
alegría dos labregos,  
honra e proveito da corte,  
galanura dos pasteiros.  
A vaca fai o traballo,  
a vaca dá leite fresco;  
da vaca saen os xatos,  
a manteiga mais o queixo.  
O leite é parva e é cea  
con rafas de pan centeo.  
Os becerros son os cartos  
dos abonos e os aveños.  
Senón fora pola vaca,  
que sería dos labregos.

### O RECUNCHO DE CANELINA



## O móbil nos centros educativos

### O PUPITRE



Julio Díaz

**E**spaña é o país con máis adición adolescente ao teléfono móbil, cifrándose nun 21,3%, namentres a media europea se sitúa nun 12,7%. O 90% dos adolescentes de máis de catorce anos ten móbil, sendo a media de idade de inicio no seu uso de oito anos, o que demostra que cada vez máis, e a máis tempranas idades, os xoves están expostos ós perigos do uso de internet e o conxunto de riscos que conleva a utilización das novas tecnoloxías.

Todos/as sabemos que a preadolescencia e a adolescencia é un período onde os rapaces son especialmente susceptibles aos cambios e polo tanto mais vulnerables e con moitas máis posibilidades de adición.

A prevención, como en outros moitos ámbitos da vida, resulta de vital importancia para unha loita efectiva contra o mal uso do teléfono móbil. É importante que tanto docentes como pais saibamos advertir pautas de conducta como poden ser cambios de estados de ánimo, enfado continuo cando se poñen normas no uso dos videoxogos e do móbil, o seu uso a horas intpestivas na cama, no cuarto, no baño...a baixada do rendemento escolar, o illamento dos amigos, o abandono de outras actividades. Se non se é capaz de atallar estas actitudes, as consecuencias poden ser imprevisibles derivando incluso en "nomofobia" ou medo irracional a estar sen o móbil, a non poder utilizalo e incluso "tecnofilia" ou dependencia das novas tecnoloxías.

Dito isto, o móbil é unha ferramenta imprescindible na vida dos nosos alumnos polo que non introduci-lo no proceso de ensinanza-aprendizaxe sería impensable, xa que o seu uso dentro da aula con fins didácticos, incentiva a creatividade, a imaxinación e a conectividade. Eu estou a favor do uso dos terminais na aula porque é una ferramenta didáctica máis, que potencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado e que nos permite traballar calquera asignatura de forma dinámica e atractiva para o noso alumnado. Temos que aproveitar esta ferramenta cos alumnos/as de tal maneira que enriquezamos o proceso de aprendizaxe cun dispositivo co que os rapaces están totalmente familiarizados.



As vantaxes do uso do móbil como unha potente ferramenta de aprendizaxe son moitas: posibilidade dunha mellor organización, comunicar e traballar colaborativamente co resto da comunidade educativa, aprender mediante múltiples e variables aplicacións moitas das cales se crean só para o ámbito educativo.

O éxito da aprendizaxe co móbil vai depender da nosa capacidade para aproveitar ao máximo as súas vantaxes pedagóxicas polo que a capacitación técnica e pedagóxica do seu uso e de vital importancia, explorar aplicacións educativas e, ademais compartir as boas prácticas para que poidan ser adaptadas e melloradas en todos os contextos educativos.

Dicir tamén que ten as súas desvantaxas, entre as que destacar, o seu uso inadecuado, as distraccións, acoso a outros alumnos, grabacións...pero nos como docentes sempre temos recursos que nos permiten regulalo para dar un axeitado emprego do mesmo. Para acadar un uso exclusivamente educativo e produtivo, e que non sexa una perda de tempo, debemos establecer unhas normas que especifiquen cando imos usar os nosos terminais e con que finalidade.

Xa para rematar gustaríame facelo cun decálogo do que eu considero un bo uso do teléfono móbil baseado en oito sinxelas recomendacións:

- Non utilices o móbil na clase agás cando o autorice o teu profesor/a.
- Non grabes nen fotografías a ninguén sen o seu consentimento.
- Non ridiculices a profesores/as ou compañeiros/as.
- Non difundas imaxes íntimas ou ofensivas.
- Non sexas cómplice de situacións de acoso.
- Non aceptes a calquera nas túas redes sociais.
- Non creas todo o que chega.
- Sé crítico e reflexivo.
- Adica menos tempo ao móbil e ás redes sociais e máis as relacións persoais.



## DE RUTA EN RUTA

# Castro de Rei: Ruta do Azúmara

Este roteiro chairego atravesa zonas de monte e de bosque autóctono á beira de vellos muíños e singulares pasarelas

**E**sta é unha senda lineal que se percorre máis facilmente comezando dende o Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, circunstancia que debe ser aproveitada para visitar unha das referencias da vida castrexa en Galicia.

Este roteiro, aberto e sinalizado desde xuño de 1998, atravesa zonas de monte ata subir ao Cordal e despois vai polas beiras do río Azúmara (do que toma o seu nome), a lado de vellos muíños e singulares pasarelas entre outras mostras de arquitectura popular, nunha contorna onde aínda é posible gozar da vexetación autóctona galega.

Dende o museo, descéndese gozando dunha espectacular panorámica da Terra Chá; pouco a pouco o bosque de bidueiros e ameneiros cubriranos ata chegar ao Lugar de Monelos, onde poderemos contemplar un fenomenal conxunto de arquitectura civil composto polo Pazo de Fontexón, a casa anexa e o muíño, estes últimos exquisitamente restaurados.



## DATOS



2 h 30 min.



7 km.



Dificultade baixa

Sen esquecer, a escasos metros da ruta, a igrexa de San Xoán de Azúmara. Continuando polo curso do río Azúmara chegaremos á antiga mina de arsénico.

Segundo contan os veciños, a extracción deste metal tóxico supuxo nos anos 40 un importante complemento para a economía local. Ademais da boca

da mina, aínda pode verse, paralelo ao noso sendeiro, unha longa e profunda canle que conducía auga ata a mina. E seguindo o tranquilo descen-

so do río chegaremos ata o final do camiño na área recreativa á entrada do pobo de Castro de Rei, onde se recibe ao camiñante noutra paraxe singular.



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05